Sobre a repercusión na licitación do Centro de Saúde do Couto da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Ourense, no procedemento expropiatorio dos terreos onde se ía construír

- 08/5PRE-1259(53211) (58186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e 2 deputados máis
Sobre os plans da Consellería de Sanidade para a área sanitaria de Vigo, nomeadamente para o concerto existente entre o Sergas e o Hospital Povisa, e a prestación de atención médica ás persoas usuarias atendidas nel con posterioridade ao seu remate

- 08/5PRE-1270(53337) (58148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz e 3 deputados máis
Sobre as xestións, fases, trámites, proxectos ou procedementos derivados da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que o Goberno galego considera que é necesario privatizar

- 08/5PRE-1272(53355) (58456)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a ampliación da rede Quérote +
- 08/5PRE-1273(53380) (58290)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pose Mesura, Modesto e 3 deputados máis
Sobre a relación dos centros de saúde que se ían construír no ano 2010, os que se van construír no ano 2011 e o seu mecanismo de financiamento, a variación do seu custo e o cumprimento do procedemento establecido para o desenvolvemento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público-privado
- 08/5PRE-1277(53413) (58537)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e Viéitez Alonso, Henrique
Sobre as actividades que está a realizar a Xunta de Galicia para promover a presenza e permanencia das mulleres na área de I+D+i
- 08/5PRE-1294(54024) (58165)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre as irregularidades detectadas na custodia do pen-drive dos exames nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (Sergas)
- 08/5PRE-1295(54027) (58168)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre as irregularidades detectadas no control de entrada e saída da sala de impresión dos exames nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (Sergas)
- 08/5PRE-1296(54030) (58170)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a negativa do Goberno galego respecto da existencia de irregularidades nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (Sergas)
- 08/5PRE-1297(54034) (58173)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a responsabilidade política das irregularidades existentes nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (Sergas) dependente da Consellería de Sanidade
- 08/5PRE-1298(54038) (58161)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre as decisións previstas pola Xunta de Galicia respecto das irregularidades existentes nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (Sergas)
- 08/5PRE-1299(54041) (58159)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre o cargo público que asumirá as responsabilidades políticas derivadas das irregularidades existentes nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (Sergas)
- 08/5PRE-1305(54275) (58300)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Varela Sánchez, Ricardo Jacinto
Sobre a fixación pola TVG dalgún criterio especial en canto ás imaxes e os planos que se deberían empregar para a cobertura informativa da visita do papa Benedicto XVI a Santiago de Compostela
- 08/5PRE-1306(54276) (58296)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Varela Sánchez, Ricardo Jacinto
Sobre a opinión da Dirección da CRTVG respecto da profesionalidade, pluralidade e imparcialidade da información emitida pola TVG en relación coa recente remodelación do Goberno central
- 08/5PRE-1308(54278) (58302)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Varela Sánchez, Ricardo Jacinto

Sobre a existencia na RTVG dalgunha estratexia informativa en relación co alcalde de Vigo

- 08/5PRE-1309(54279) (58298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Varela Sánchez, Ricardo Jacinto

Sobre os criterios utilizados nos xornais da TVG para complementar informacións con enquisas realizadas a persoas anónimas en relación con algún anuncio ou decisión política, a existencia dalgún protocolo ao respecto e a súa contribución a unha información rigorosa

- 08/5PRE-1310(54280) (58297)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Varela Sánchez, Ricardo Jacinto

Sobre os criterios utilizados pola TVG para incluír nos telexornais de ámbito galego as informacións políticas de carácter local, concretamente as novas relacionadas coa celebración do congreso local dalgún partido, así como a realización de entrevistas aos aspirantes a liderar algún deles no ámbito local

- 08/5PRE-1328(54419) (58291)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Quintas Álvarez, María Remedios

Sobre a retirada das dúas unidades do 061 que estaban as prestar os seus servizos aos peregrinos e visitantes no Monte do Gozo e no casco histórico de Santiago de Compostela

- 08/5PRE-1337(54523) (58185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a prohibición da mesa redonda referida á privatización da sanidade pública en Galicia, convocada para o día 15 de novembro de 2010 pola Xunta de Persoal do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

- 08/5PRE-1340(54549) (58184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a redución da actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas no último ano e as súas consecuencias na atención aos doentes en lista de espera

- 08/5PRE-1341(54559) (58457)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as razóns polas que se privatiza a xestión do proxecto Rede de Espazos Xove de Dinamización Xuvenil e Emancipación

- 08/5PRE-1342(54565) (58292)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a situación de deterioración da asistencia sanitaria en atención primaria e especializada na área sanitaria de Santiago de Compostela

- 08/5PRE-1349(54709) (58459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José e 3 deputados máis

Sobre os datos relativos á concesión e denegación de obra-
doiros de emprego aos concellos da provincia de Lugo durante o ano 2010

- 08/5PRE-1351(54718) (58492)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 4 deputados máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación e posta en marcha dos servizos de radioterapia, hemodinámica e medicina nuclear no novo Hospital Lucus Augusti da cidade de Lugo e a licitación da infraestrutura necesaria

- 08/5PRE-1362(54790) (58320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre a opinión da Consellería de Facenda respecto da venda das participacións das caixas de aforros de Galicia na empresa galega R

- 08/5PRE-1381(54925) (58460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José e 4 deputados máis

Sobre os datos relativos á concesión e denegación de obra-
doiros de emprego aos concellos da provincia de Ourense durante o ano 2010

- 08/5PRE-1382(54926) (58461)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José e 4 deputados máis

Sobre os datos relativos á concesión e denegación de obra-
doiros de emprego aos concellos da provincia de Ourense durante o ano 2010

- 08/5PRE-1417(55298) (58183)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz e 3 deputados máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo persoal da Consellería de Traballo e Benestar en relación coas persoas de idade avanzada cuidadoras de persoas dependentes

- 08/5PRE-1425(55405) (58455)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Arias, Marta e 6 deputados máis
Sobre o proceso levado a cabo pola Consellería de Traballo e Benestar para a construción dun novo centro de menores con trastornos de conduta, a data prevista para a súa posta en funcionamento e o seu número de prazas

- 08/5PRE-1430(55477) (58508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Álvarez, Fernando Xabier
Sobre a adaptación do proxecto gañador para a creación do Museo da Romanización de Galicia no Cuartel de San Fernando, na cidade de Lugo, á lexislación vixente para os Bens de Interese Cultural, así como ás condicións establecidas no concurso de ideas para a redacción do proxecto definitivo, e o cronograma de construción

- 08/5PRE-1431(55493) (58458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique
Sobre os datos relativos ás solicitudes de axudas e subvencións presentadas polos concellos para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento, así como a ampliación dos créditos para esta finalidade

- 08/5PRE-1437(55548) (58293)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e Pose Mesura, Modesto
Sobre o salario anual da xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago correspondente ao ano 2010

- 08/5PRE-1448(23455) (58295)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e Viéitez Alonso, Henrique
Sobre a exclusión da lingua galega nas campañas publicitarias de Galicia Calidade no noso propio país

- 08/5PRE-0221(43036)(58257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Fernández, Rosendo Luís e 4 deputados máis
Sobre a valoración pola Consellería de Sanidade respecto da xestión da contratación centralizada que desenvolveu o bipartito no ano 2007

- 08/5PRE-0251(43682)(58180)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Fernández, Rosendo Luís e 5 deputados máis
Sobre o Plan de eficiencia enerxética na rede de centros sanitarios públicos

- 08/5PRE-1108(51927)(58281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Canal, Alfredo e Paz Franco, María Tereixa
Sobre a resposta remitida pola Xunta de Galicia a unha pregunta relativa ás declaracións do director xeral da Función Pública realizadas nunha comisión parlamentaria

- 08/5PRE-1273(53380)(58290)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pose Mesura, Modesto e 3 deputados máis
Sobre a relación dos centros de saúde que se ían construír no ano 2010, os que se van construír no ano 2011 e o seu mecanismo de financiamento, a variación do seu custo e o cumprimento do procedemento establecido para o desenvolvemento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público-privado

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

9. Informacións e correccións de erros

9.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 28 de decembro de 2010

Advertido un erro material, por omisión, na relación das iniciativas admitidas a trámite pola Mesa do Parlamento na reunión do 28 de decembro de 2010, publicados no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 383, do 29 de decembro de 2010, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

No apartado de Procedementos de control e impulso debe engadirse:

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 08/PNP-0932 (56335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a oferta do portugués como segunda lingua estranxeira en todos os centros públicos que impartan secundaria

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2011

Xosé Antón Sarmiento Méndez



Letrado Oficial Maior



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43723**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Pedro Puy Fraga e varios/as deputados/as máis, sobre **"as previsións da Dirección Xeral de Tributos para a aprobación dunha orde de fixación de honorarios máximos para os peritos terceiros no procedemento de taxación pericial contraditoria"**, (publicada no BOPG núm. 304 do 2 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"O artigo 63 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008 (DOG 31/12/2007), prevé que nos tributos xestionados pola Administración tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia, e en corrección do resultado obtido na comprobación de valores, os interesados poderán promover a práctica da taxación pericial contraditoria, regulándose o procedemento no artigo 64 da mesma lei.

As disposicións citadas enmárcanse, en relación cos tributos cedidos polo Estado de xestión autonómica (en particular, o imposto sobre sucesións e doazóns e o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados), dentro das competencias normativas que ás comunidades autónomas atribúen a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e a Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema



de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Respecto aos tributos propios da Comunidade Autónoma, encontra o seu respaldo principalmente na Lei Orgánica de Financiamento das Comunidades Autónoma, no Estatuto de Autonomía e no Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

A Consellería de Facenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda se establecen no Estatuto de autonomía, de conformidade coa lexislación vixente.

A taxación pericial contraditoria é un procedemento probatorio a disposición dos obrigados tributarios polo que a Administración Tributaria se compromete a aceptar a valoración sinalada por un terceiro perito, independente respecto de ambas as dúas partes, que así dirime a controversia que se suscitou respecto das valoracións realizadas polos órganos competentes da devandita administración tributaria.

Na regra 4ª, letra a), do artigo 64 da Lei galega 16/2007, onde se regula o procedemento de taxación pericial contraditoria no ámbito desta Comunidade Autónoma, prevé a elaboración, en cada Departamento territorial da Consellería de Facenda, dunhas listas de colexiados ou asociados dos distintos colexios, asociacións ou corporacións profesionais legalmente recoñecidos, que teñan centralizada a xestión administrativa e a dirección das súas actividades no ámbito territorial do antedito departamento, e que estean dispostos a actuar como peritos terceiros. Os interesados agrúpanse por orde alfabética en diferentes listas tendo en conta a natureza dos bens e dereitos por valorar. Elixido por sorteo público un de cada lista, as designacións efectuaranse por orde correlativa.



Na mesma regra 4ª establécese a posibilidade de que a Administración tributaria competente poida establecer honorarios estandarizados para os peritos terceiros que haxan de ser designados, de modo que a aceptación da súa designación determine a aceptación dos honorarios aprobados pola Administración.

Considerando que a incorporación ás listas sinaladas máis arriba é voluntaria e que o pagamento dos honorarios do perito terceiro pode corresponder á Administración ou ao contribuínte dependendo da diferenza existente entre a valoración que realice o devandito perito e o valor comprobado administrativamente, **se considera que o establecemento de honorarios máximos a percibir polo perito terceiro contribúe a dotar de maior seguridade xurídica a ambos os dous posto que permite realizar unha estimación dos honorarios aos que se terían que facer fronte.**

Ao noso xuízo, a habilitación recollida no artigo 64 da lei 16/2007, permite o establecemento de honorarios máximos **mediante Orde da consellería competente en materia de facenda**, subscrita pola Conselleira de Facenda o 6 de setembro e remitida ao DOG para a súa publicación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43725**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Pedro Puy Fraga e varios/as deputados/as máis, sobre **“os resultados no primeiro semestre de 2010 das actuacións contra a fraude fiscal da Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG núm. 304 do 2 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Respecto aos tributos xestionados pola Xunta de Galicia, podemos distinguir entre os propios e os cedidos polo Estado.

Nos primeiros, non cabe falar de niveis de fraude significativos polas características destes, en especial o reducido número de suxeitos pasivos ou a súa vinculación a determinados consumos, así como polas actuacións de comprobación desenvolvidas pola Administración autonómica.


Respecto aos tributos cedidos de xestión autonómica, en particular os impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns, cabe distinguir dous focos de defraudación fiscal, os feitos impositivos non declarados e a fraude nos valores declarados. Para combater



ambas as dúas condutas, as actuacións da Administración Tributaria autonómica concrétanse nas actividades de inspección tributaria (comprobación e investigación) e comprobación de valores, respectivamente.

Os resultados das actividades de inspección tributaria (comprobación e investigación) obtidos no primeiros semestre do 2010 son os seguintes:

2005	2006	2007	2008	2009	31/8/2010
4.792.549,48	4.526.846,02	8.783.208,66	10.978.468,61	19.094.000,00	17.584.695,58



Ademais das actuacións de inspección tributaria (comprobación e investigación), co obxecto de mellorar a loita contra o fraude fiscal, a Consellería de Facenda implantou ou prevé implantar nos próximos meses, entre outras, as seguintes medidas:

1ª.- Remisión por vía telemática de documentos notariais

Aprobarase unha orde pola que se establecerá, para os Notarios destinados na Comunidade Autónoma de Galicia, a obriga de enviar por vía telemática a Consellería de Facenda no prazo de 10 días naturais contados a partir da súa



formalización, as copias electrónicas dos documentos públicos por eles autorizados con transcendencia nos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, calquera que sexa a Comunidade Autónoma competente para a aplicación dos devanditos tributos.

2ª.- En materia de comprobación de valores: establecemento dun sistema de prezos medios de mercado para a valoración de inmobles.

Trataríase de extrapolar a dinámica dos prezos medios de vehículos usados ao mercado inmobiliario, mediante a publicitación de táboas, o que proporcionaría vantaxes tanto á Administración como aos contribuíntes. Así, ofrecen aos suxeitos pasivos unha información rápida e inmediata do valor a efectos fiscais do inmovible todo o cal se traduce nunha xestión máis eficaz, unha redución na litigiosidad e nun reforzo da seguridade xurídica, xa que se proporciona ao contribuínte un medio exacto para o coñecemento previo da carga fiscal que a Administración esixe para o negocio xurídico realizado de modo que pode avaliar e evitar as consecuencias fiscais derivadas dunha desviación entre o valor de referencia subministrado e o prezo declarado.

3ª.- Convenio coa Dirección Xeral de Tráfico para intercambio de información para a xestión do ITP-AXD en canto á transmisión de vehículos usados.

Trátase de establecer un procedemento telemático de intercambio mutuo de información acerca das transferencias de vehículos gravados polo Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, de forma que se contribúa a automatizar as tarefas de comprobación do cumprimento da obriga de pagamento do citado tributo.

4ª.- Procedemento telemático de ordes de embargo de devolucións tributarias

Supón a presentación por vía telemática de ordes de embargo ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria substituindo a presentación en papel, co obxecto de incrementar a eficacia e eficiencia na xestión recadatoria en vía



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

executiva desenvolvida polos órganos de recadación da Comunidade Autónoma.
Xa está en funcionamento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 43727, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Pedro Puy Fraga y varios/as deputados/as máis, sobre **“as medidas que a Xunta de Galicia está a tomar para conseguir aforros nas pólizas de seguros que lle dan cobertura ao patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia”**, (publicada no BOPG núm. 304 do 2 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A situación no exercicio 2009 das pólizas de seguros contratadas pola Consellería de Facenda era a seguinte:

PÓLIZA	COMPAÑÍA ASEGURADORA	VIXENCIA DA PÓLIZA	IMPORTE ANUAL PRIMA IMPUESTOS INCLUIDOS
SEGURO COLECTIVO ACCIDENTES PERSOAL	MAPFRE INDUSTRIAL S.A	31/12/2009*	1.827.294,00 €
RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DA XUNTA DE GALICIA	ZURICH ESPAÑA CIA.DE SEGUROS	30/06/2010	5.947.059,00 €
DANOS MATERIAIS	MAPFRE INDUSTRIAL S.A	31/12/2009*	1.274.242,00 €
VEHÍCULOS XUNTA	SEGUROS BILBAO-GRUPO “Catalana Occidente”	31/12/2009*	1.338.875,50 €
ACCIDENTES COLECTIVO PROTECCIÓN CIVIL E REDE DE EMERXENCIA	MAPFRE INDUSTRIAL,S.A	31/12/2009*	32.273,00 €
Total custo ANUAL			10.419.743,50 €

* Prorrogadas hasta 30/06/2010



CORREDURÍA:

A práctica habitual das aseguradoras límitase á emisión ou subscripción de pólizas e abono de sinistros pero non efectúan nunca os traballos de análise nin xestionan directamente os sinistros, senón que utilizan figuras externas que se dedican aos citados labores como axentes, corredores, peritos, letrados, etc.

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, do mesmo xeito que outras administracións públicas non dispón dos recursos de persoal e medios propios para levar a cabo con garantías o desenvolvemento dos labores necesarios de estudos técnicos que deben efectuarse por especialistas cualificados nos distintos ramos de seguros privados .

Polo contrario resulta máis conveniente a utilización de asistencia de técnicos especializados en áreas tales como:

- Traballos previos ó estudo, negociación ou contratación de seguros: como a análise e valoración dos riscos e investigación de posibles fórmulas de protección aseguradora.
- Administración dos contratos de seguro, pólizas, variacións ou suplementos, prórrogas, e outros cambios durante a vida dos contratos.
- Xestión e tramitación da sinistralidade, atención ás reclamacións, negociación coas aseguradoras implicadas, etc.

A pesar do anterior, a Consellería de Facenda non tiña contrato vixente con ningunha correduría.

Cos antecedentes anteriores e en aplicación da política xeral de austeridade que se está a levar de forma xeral nas actuacións da Comunidade Autónoma realizáronse as seguintes actuacións no que se refire aos seguros xestionadas dende a consellería de Facenda:



1- CONTRATACIÓN DE MEDIADOR DE SEGUROS

En marzo de 2010 levouse a cabo a adxudicación definitiva e sinatura dos contratos de servizos de mediación de seguros seguintes:

-Servizos de mediación da póliza de Riscos derivados da Responsabilidade Xeral/Patrimonial da Xunta de Galicia e Xeral Patrimonial e Sanitaria do Servicio Galego de Saúde e Servizos de mediación da póliza de Riscos de danos patrimoniais de todos os bens que integran o patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia:

ADXUDICATARIA: AON GIL Y CARBAJAL.S.A.U CORREDURIA DE SEGUROS.

-Servizos de mediación da póliza de Riscos Patimoniais, Persoais e de Responsabilidade civil de vehículos de motor que compoñen a Flota da Xunta de Galicia e Servizos de mediación da póliza de Riscos de Seguros de Accidentes do persoal ao Servizo da Comunidade Autónoma de Galicia:

ADXUDICATARIA: UTE WILLIS GXG WILLIS CORREDURIA DE SEGUROS.

2.CONTRATACIÓN DE NOVAS PÓLIZAS :

-- SEGURO DOS VEHÍCULOS QUE COMPOÑEN A FLOTA DA XUNTA DE GALICIA

Esta póliza foi contratada inicialmente no ano 2007 prorrogándose anualmente ata 31 de decembro do ano 2009. O seu custo ascendía a 1.337.875,50 €.

En xaneiro do ano 2010 levouse a cabo unha prórroga ata 30 de xuño de 2010 cunha prima de 669.437,50 €.

O contrato anterior prevía que ao finalizar a súa vixencia, se liquidase, en función da siniestralidade, a participación en beneficios da póliza.

Ata agora, non se levou a cabo ningunha liquidación para comprobar se a póliza xeraba beneficios para a Xunta de Galicia.



Para poder levar a cabo a citada liquidación é preciso coñecer a siniestralidade da póliza.

Non estaba establecido un control de sinistros, dispoñendo unicamente a consellería de Facenda dun cadro resumo dos sinistros no que unicamente constaba o nº total e importe, non tendo constancia dos sinistros comunicados, xa que esta comunicación se realizaba directamente polos condutores dos vehículos á compañía.

Por tal motivo carecíase de información sobre os sinistros declarados no ano, os sinistros pagados e os pendentes de pago.

No primeiro trimestre do ano 2010 levouse a cabo unha depuración da composición da flota asegurada para o que se partiu dos listados remitidos pola aseguradora que foron contrastados cos obrantes nas distintas consellerías. Como consecuencia disto, detectáronse unha serie de incidencias tales como vehículos a nome da Xunta de Galicia utilizados por outros entes con persoalidade diferenciada e viceversa.

En resume tramitáronse 202 baixas de vehículos e 53 altas ata o 30/09/2010 e o número de vehículos que compoñen a flota da Xunta de Galicia ascende a 2.234.

En marzo 2010 iniciáronse os trámites para a licitación da nova póliza de seguros que foi adxudicada no mes de xuño por un importe de 1.120.330,00 €

Tendo en conta que o custo da prima anterior ascendía a 1.338.875,50 € o aforro nesta póliza foi de 218.545,50 €.

A partir da nova contratación da póliza estableceuse un sistema de comunicación de sinistros entre as distintas consellerías e a Consellería de Facenda, de tal xeito que sexa posible coñecer de cada sinistro a data de ocorrencia, o vehículo afectado, e o tipo de danos producidos (Danos materiais e danos persoais, propios e alleos).



-- SEGURO DE ACCIDENTES DO PERSOAL AO SERVIZO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O último concurso para a adxudicación desta póliza realizouse no ano 2004 con efectos de 1/01/2005 a 31/12/2005. Dende esa data autorizáronse prórrogas por períodos anuais.

En marzo 2010 iniciáronse os trámites para a licitación da nova póliza de seguros que foi adxudicada no mes de xuño por un importe de 994.000,00 €/anuais. o cal non implica redución de coberturas senón que se incluíron na nova contratación melloras importantes en canto ás indemnizacións por morte por accidente ou incapacidade permanente, pasando de 39.000,00 € a 44.000,00 € ademais doutras prestacións non recollidas na póliza anterior (como por exemplo sillas de rodas ou anticipos para declaracións de tributos)

Nesta nova póliza tamén está prevista a participación en beneficios en función da siniestralidade.

Asímesmo prevese a posibilidade de que os funcionarios que, a título particular, se adhiran á póliza podan incrementar os capitales tanto para accidentes como para vida.

Tendo en conta que o custo da prima anterior ascendía a 1.826.294,00 € o aforro nesta póliza foi de 833.294,00 €.

O contrato anterior prevía que a 31 de decembro de cada anualidade, se liquide, en función da siniestralidade, a participación en beneficios da póliza.

Para poder levar a cabo a citada liquidación é preciso coñecer a siniestralidade da póliza.

Ata agora, non se levou a cabo ningunha liquidación para comprobar se a póliza xeraba beneficios para a Xunta de Galicia.

Tampouco estaba establecido un control de sinistros, limitándose a compañía aseguradora a facilitar un cadro resumen destes no que unicamente constaba o nº total e importe dos mesmos, non tendo constancia a Consellería de Facenda dos sinistros comunicados, xa que esta comunicación se realizaba directamente



polo corredor da póliza á compañía aseguradora sen deixar constancia dos sinistros comunicados.

Os sinistros producidos no ano 2009 ascenderon a 676.270,00 €, segundo os datos facilitados pola Cía. Aseguradora

En xaneiro de 2010 levouse a cabo, por primeira vez, a liquidación da participación de beneficios do ano 2009 que deu como resultado un beneficio a favor da Xunta de Galicia de 284.659,03 €.

-- SEGURO DE DANOS PATRIMONIAIS DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O último concurso para esta póliza realizouse no ano 2005 prorrogándose anualmente ata 31 de decembro do ano 2009.

A póliza do ano 2009 tivo un custo de prima de 1.274.272,00 €. Dita póliza foi prorrogada ata 30 de xuño de 2010 cun custo de prima de 637.121,00 €.

En marzo 2010 iniciáronse os trámites para a licitación da nova póliza de seguros que foi adxudicada no mes de xuño por un importe de 1.196.160,34 €/anuais.

Tendo en conta que o custo da prima anterior ascendía a 1.196.160,34 € o aforro nesta póliza foi de 78.081,66 €.

-- SEGURO DE RESPONSABILIDADE XERAL/CIVIL E XERAL CIVIL SANITARIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O último concurso para a contratación desta póliza realizouse no ano 2005 prorrogándose anualmente ata 31 de decembro do ano 2009 con un custo de 5.947.059 €.

En marzo 2010 iniciáronse os trámites para a licitación da nova póliza de seguros que foi adxudicada no mes de xuño con vixencia dende o 1 de xullo de 2010 ata 30 de xuño de 2012 por un importe de 5.541.061,00 €/anuais.

Tendo en conta que o custo da prima anterior ascendía a 5.947.059,00 € o aforro nesta póliza foi de 405.998,00 €.

Nesta póliza coma nas anteriores non había establecido un control de sinistros, limitándose a Compañía aseguradora a facilitar un cadro resumen destes no que unicamente constaba o nº total e importe dos mesmos, non



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

tendo constancia a Consellería de Facenda dos sinistros comunicados, xa que esta comunicación se realizaba directamente polo corredor da póliza á compañía aseguradora sen deixar constancia dos sinistros comunicados.

RESUMO DE AFORROS E BENEFICIOS

En resume o aforro orzamentario acadado coa adxudicación das novas pólizas foi o seguinte:

POLIZA	CUSTOS PÓLIZAS 2009	CUSTOS POLIZAS NOVAS	AFORRO ORZAMENTARIO
Accidentes do Persoal ao servizo da Comunidade Autónoma	1.827.294,00 €	994.000,00 €	833.294,00 €
Danos Patrimoniais dos bens que compoñen o patrimonio da Comunidade Autónoma	1.274.242,00 €	1.196.160,34 €	78.081,66 €
Vehículos que compoñen a Flota da Xunta de Galicia	1.338.875,50 €	1.120.330,00 €	218.545,50 €
Responsabilidade Civil/Patrimonial Xeral da Xunta de Galicia e SERGAS	5.947.059,00 €	5.541.061,00 €	405.998,00 €
CUSTO TOTAL ANUAL DE PRIMAS DE SEGUROS	10.387.470,50 €	8.851.551,34 €	1.535.919,16 €

3. ACTUACIÓNS PARA MELLORAR A XESTIÓN DAS PÓLIZAS.

Coa entrada en vigor das novas pólizas, vaise levar a cabo un cambio no sistema de tramitación dos sinistros de danos, responsabilidade civil patrimonial, vehículos que compoñen a flota da Xunta de Galicia e accidentes do persoal. Do mesmo xeito, vaise renovar a tramitación das comunicacións de altas e baixas do seguro de adhesión voluntaria de persoal e das altas, baixas e cambios de



cobertura no seguro dos vehículos que compoñen a flota da Administración Xeral da Xunta de Galicia.

Todos estes cambios responden ao necesario proceso de adaptación da xestión administrativa ás novas tecnoloxías. Así pasarase de remitir os expedientes en papel ao Servizo de Xestión de Riscos e Seguros, a contar cunha plataforma electrónica de comunicación común na que se poderá inserir toda a documentación, producíndose con elo un considerable aforro de papel, unha importante redución dos prazos de tramitación dos expedientes cunha axilización dos pagos e un maior control de todos e cada un dos expedientes a través da numeración xerada polo sistema informático. Do mesmo xeito, cada unha das Consellerías terá acceso a unha información constante en relación cos expedientes, tanto a través da aplicación como da asistencia ás comisións de seguimento que se celebrarán coa participación dos representantes da Xunta de Galicia, da compañía aseguradora e da correduría de seguros.

En definitiva, trátase de avanzar cara unha tramitación informatizada integral dos expedientes de sinistros o que suporá unha optimización de todos os medios persoais e materiais dos que dispón a Xunta de Galicia aos efectos de conseguir unha xestión áxil e eficaz. Trátase de mellorar a actual situación que se está a dar, na que ademais da remisión de fotocopia de toda a documentación obrante nos expedientes, conseguiríase ter datos exactos e fiables para facer as correspondentes liquidacións das pólizas.

Por todo o exposto, cada Consellería designou un responsable nesta materia para cada unha das pólizas de seguros cunha serie de cometidos entre os que se atoparían: a introdución dos partes de sinistros, xunto coa correspondente documentación, na aplicación informática de xestión de riscos e seguros seguindo as instrucións e manuais que a tal efecto se confeccionaron pola Consellería de Facenda; servir de interlocutor válido ao fin de intercambiar toda a información que sexa precisa para impulsar a tramitación dos expedientes e asistir ás Comisións de Seguimento que se celebrarán aos efectos de levar un estricto control de todos os partes.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43731**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Pedro Puy Fraga e varios/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións que está a realizar a Xunta de Galicia para facer o inventario dos bens inmobles e as previsións para a presentación da nova Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia”**, (publicada no BOPG núm. 304 do 2 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Facenda considera que o Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia, constitúe un instrumento auxiliar de destacada importancia na xestión patrimonial.

No momento actual o inventario non reflexa a totalidade do patrimonio da C.A, debido a falta de incorporación, dende o momento da súa elaboración, vai máis de vinte anos, de parte da posterior información xurdida. Isto débese a falta de existencia dun sistema que permita a detección da totalidade dos novos bens e dereitos da Comunidade Autónoma. Así mesmo a información existente atópase



sen actualizar en determinadas situacións, como é na das de valoracións e nas de incorporación de datos no caso de obras novas ou grandes reparacións.

O Consello de Contas ten aludido, nos seus informes anuais, á falta de conciliación entre os datos de inventario e os da contabilidade patrimonial. Para a corrección desta falta de conexión estase a colaborar coa Intervención Xeral, órgano competente para a elaboración da conta de patrimonio e a Secretaría Xeral e do Patrimonio, órgano competente en materia de patrimonio e consecuentemente de inventario.

O Inventario, na nosa opinión, debe de poder proporcionar unha información exacta e fiel do patrimonio inmobiliario e dos outros bens e dereitos que integran o patrimonio autonómico [mobles, vehículos, semoventes, ...], esta información debe resultar de utilidade para os diferentes xestores, ser de fácil obtención e constituír a base da contabilidade patrimonial.

O Inventario Xeral demanda, para poder dar cumprida satisfacción aos requirimentos que quedan apuntados, unha profunda actualización sistemática do seu contido, que parta dunha actualización da información coa que conta e que alcance ás valoracións dos bens e dereitos inventariados. Igualmente, é preciso establecer os mecanismos técnicos e procedementos administrativos que garantan que a xestión orzamentaria, que conta cunha sólida implantación en todos os niveis da xestión administrativa, se atope constantemente intercomunicada cos datos que constan en Inventario, o que permitirá contar con información homoxénea e coherente.

Todas as finalidades sinaladas precisan de ferramentas informáticas que permitan unha xestión áxil e coordinada entre os distintos xestores, especificamente concibida e orientada á xestión do patrimonio. Estes traballos técnicos atópanse na súa última fase e nos dous vindeiros meses levarase a cabo unha primeira fase de proba e contraste da ferramenta adaptada. Basicamente a adaptación implica unha conexión o máis automatizada posible entre a aplicación contable XUMCO II e a aplicación de inventario. Mediante a dita conexión



acadaríase unha vinculación entre o inventario e a contabilidade patrimonial o que permitiría a conciliación dos datos de ambos.

Simultaneamente, a Consellería de Facenda está traballando na definición dos traballos de campo que se deben acometer para actualizar o Inventario xeral, definindo con precisión os datos e información de campo que debe ser recollida e trasladada ao Inventario e as distintas fases e períodos de execución dos traballos.

As actividades de actualización e racionalización que quedan sinaladas están sendo completadas, no plano normativo - cunha clara perspectiva de futuro - coa redacción do borrador do anteproxecto da Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma.

O anteproxecto responde ás seguintes ideas reitoras:

1ª.- A lei vixente non responde ás necesidades da actual organización da Administración Autonómica.

A nova Lei ven sendo demandada polo crecemento experimentado pola administración autonómica, tanto xeral como institucional, nun contexto de profundos cambios normativos na lexislación patrimonial estatal.

- A actual Lei de patrimonio de Galicia, Lei 3/1985, do 12 de abril, é unha lei que este ano cumpriu 25 anos, foi redactada nunha época na que a Administración autonómica posuía un reducido tamaño tanto organizativa como materialmente, e na que se carecía dunha regulación concreta das entidades públicas instrumentais diferentes á Administración Xeral. O incremento producido coa creación de organismos autónomos, entidades de dereito público, axencias... precisa dunha regulación concreta e harmonizada de todo o patrimonio.

- A Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas, incorpora unha regulación novidosa de distintos aspectos da xestión patrimonial,



algunhas das cales posúe carácter básico, o que fai preciso levar a cabo a correspondente adaptación na lexislación autonómica.

2ª.- É necesaria a racionalización da xestión patrimonial, obxectivo central do novo anteproxecto de Lei.

A excelencia na xestión do patrimonio público constitúe o obxectivo capital do proxecto de lei.

- As normas que se incorporan ao anteproxecto pretenden racionalizar e axilizar a xestión do patrimonio, tanto dende un punto de vista administrativo, no que se realiza unha desconcentración a nivel competencial, como dende o punto de vista da optimización de recursos, mediante a xestión integral do patrimonio coa regulación conxunta do patrimonio da Administración Xeral e das Entidades Públicas Instrumentais. Quedan excluídas as Sociedades Mercantís e as Fundacións Públicas, no que fai referencia a estes aspectos concretos.

3ª.- O anteproxecto promove a xestión integral do patrimonio como instrumento de eficacia.

Uniformidade de criterios e tratamento unitario para evitar a fragmentación na xestión patrimonial.

O anteproxecto parte do criterio de xestión patrimonial centralizada, superando a disgregación e fragmentación existente na xestión dos bens públicos. Prevese a utilización de plans de optimización do patrimonio autonómico.

Como mecanismo para instrumentalizar este modo de concibir a xestión patrimonial, esíxese a existencia dun informe favorable dende o punto de vista da xestión integral do patrimonio, do centro directivo competente en materia de patrimonio, sobre a procedencia, oportunidade e características esenciais do aluguer ou adquisición, no marco dos criterios de xestión integral do patrimonio.



A existencia dun informe das características mencionadas pretende, respectando as competencias patrimoniais do ente, garantir unha xestión eficaz e integral do patrimonio, con base en criterios uniformes que eviten a aparición de situacións indesexables tales como: contratos con cláusulas de contido abusivo e contrarias aos intereses da administración autonómica, ou a formalización de contratos de aluguer polos entes da administración institucional cando hai inmobles baleiros pertencentes á Comunidade Autónoma.

Para isto considérase fundamental que determinados aspectos da xestión patrimonial deben residenciarse no mesmo órgano.

4ª.- O anteproxecto facilita e elimina trámites innecesarios no tráfico xurídico de bens públicos, preocupación da nova Lei de patrimonio.

Para facilitar a cooperación interadministrativa e sinaladamente, entre a Administración Local e a Autonómica, o anteproxecto de lei permite eliminar trámites administrativos, tales como os acordos de desafectación ou a declaración de alleabilidade, o cal facilitará a transmisión de bens entre as Administración públicas.

- Facilitase a relación coa Administración Local de Galicia en materia patrimonial creando novas figuras xurídicas que eliminan os trámites que ata agora tiñan que realizarse polas distintas administracións na transmisión de inmobles, como a desafectación ou declaración de alleabilidade.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2011


O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **44722**, formulada polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“as razóns da privatización do centro de saúde previsto para Marín”**, (publicada no BOPG nº 304, do 2 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A asistencia sanitaria no centro de Marín será 100% pública. A fórmula utilizada para a súa construción é de pago aprazado. Os datos de custo non se coñecerán ata que non se resolva a licitación. O prazo de construción é de 14 meses trala adxudicación definitiva.”

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

7



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 48626**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Fernando Xabier Blanco Álvarez e don Henrique Viétez Alonso, sobre **"a incidencia da fusión das caixas de aforros no emprego nas empresas de servizos e auxiliares"**, (publicada no BOPG núm.321 do 27 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"O exceso de capacidade na rede comercial das entidades financeiras españolas, consecuencia da expansión realizada a mediados desta década, tornouse insostible no momento en que comenzou o cambio de ciclo económico. Cun menor nivel de actividade económica resultaba imposible soste-ner uns custos operativos tan elevados. Se a isto engadimos una redución xeralizada da marxe de xuros, da como resultado unha complicación e insostibilidade a longo prazo da conta de resultados.

As estratexias de concentración de entidades levadas a cabo ó longo de 2010 perseguen incrementar a dimensión das entidades para facelas máis competitivas ante o novo escenario financeiro cómpre afrontar, pero tamén como xeito de xerar eficiencias e economías de escala que fagan viable economicamente o seu futuro.

Dentro das posibilidades existentes para continuar sendo competitivos, entendeuse que para o caso das caixas de aforros galegas a mellor opción resultaba a fusión entre as dúas entidades, xa que permitiría a obtención dunha nova entidade solvente e galega, ó tempo que se minimizaban as repercusións



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

negativas que, en termos de emprego directo ou indirecto poderían acarrear outro tipo de iniciativas.


O Plan de Negocio elaborado polas entidades, aprobado polos seus Órganos de Goberno e remitido e analizado por ese Parlamento de Galicia, veu a certificar esta conclusión.

Por tanto, significar que o potencial axuste que se poida producir levaríase a cabo aínda con maior intensidade caso de non terse producido a fusión. Que este axuste segue a folia de ruta marcada polo Plan de Negocio, como xeito de manter a competitividade da nova entidade nun entorno financeiro moito máis complexo e difícil que o anos atrás.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **48808**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e varios/as deputados/as máis, sobre **“a posición do Goberno galego diante do expediente de regulación de emprego presentado polo Grupo Cerámicas de Sargadelos, S.L.”**, (publicada no BOPG nº 324, do 30 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“Polo que se refire a Sargadelos, mantivéronse varias xuntanzas entre representantes da empresa e do Comité de Empresa, plantexando estes últimos como única proposta de solución do conflito un Plan de Prexubilacións para traballadores maiores de 58 anos, plan de prexubilacións que debería ser plantexado ao Ministerio de Traballo e que feitas as consultas oportunas manifestaron a imposibilidade de financiar o mesmo (aproximadamente 800.000 € de custo).

O informe da inspección de traballo, dependente do Ministerio de Traballo, en relación a este expediente, sinalaba o seguinte:

- Estos datos económicos evidencian unos resultados de los que se desprende una situación económica negativa durante 2009 y el primer semestre de 2010, que empeoraría de modo importante ante la ausencia de medidas de regulación de empleo.



- Hay que tener en cuenta el ERE de reducción de jornada que afectó a 116 trabajadores y que se extendió durante un período de al menos 6 meses en 2009 y el ERE de suspensión de las relaciones de trabajo de 113 trabajadores durante los ocho primeros meses de 2010, ambos motivados por causas económicas y de producción y autorizados con acuerdo entre la empresa y la representación legal de los trabajadores. Por tanto, durante gran parte del período de tiempo analizado para valorar las causas motivadoras del expediente, la entidad solicitante no ha afrontado la actividad empresarial con sus trabajadores prestando servicios normalmente, sino aplicando las medidas de regulación de empleo referidas respecto a su plantilla.

- Respecto a los datos informados en este segundo punto cabe concluir que se aprecia la existencia de causas de carácter organizativo y productivo interconectadas con la económica

- En base a lo expuesto, que queda acreditada la existencia de causas objetivas, reales, actuales y con una entidad y permanencia suficientes para motivar un proceso extintivo y descartar la calificación de la situación como coyuntura.

É dicir, a Inspección de Trabajo manifesta claramente a razonabilidade da medida e mesmo o comité de Empresa sinala que é necesario prescindir de persoal, se ben mantén unha postura distinta no referente ás fórmulas para a extinción de contratos.

Aínda así a Administración galega seguiu traballando co obxectivo de acometer fórmulas que non foran necesariamente a través da perda de postos de traballo, de xeito que, a través da Consellería de Economía e Industria, estanse a tramitar dúas axudas (unha axuda a fondo perdido de 400.000 € e un préstamo de 600.000 €), co obxectivo de preservar o emprego na fábrica de Sargadelos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Estas axudas levan consigo a suspensión do ERE aprobado e a transformación do mesmo nun Expediente de Regulación de Emprego de redución de xornada (ninguén verá reducida a súa xornada máis dun 20%) e de suspensión temporal.

Isto supón conservar os postos de traballo na empresa Sargadelos que, é o obxectivo fundamental das políticas económicas do Goberno Galego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49094**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e don Ricardo Jacinto Varela Sánchez, sobre **“a fase na que se atopa a musealización dos restos arqueolóxicos atopados no soar do Edificio Museo e Casa do Coñecemento do Vicerreitorado do Campus de Lugo, da Universidade de Santiago de Compostela, e os prazos previstos para o remate das obras, do proxecto e da súa apertura ao público”**, (publicada no BOPG núm. 324 do 30 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Cultura e Turismo ven de desenvolver, nos últimos dous anos, importantes iniciativas na cidade de Lugo de cara á protección e posta en valor da súa inxente riqueza patrimonial, entre as que destacan especialmente as intervencións de limpeza e conservación realizadas na Muralla e a súa contorna e o impulso dado á rehabilitación do Cuartel de San Fernando como Centro de Interpretación e Museo do Mundo Romano.



O firme compromiso amosado pola Xunta de Galicia coa cidade de Lugo durante este período iniciado en 2009 manterase no exercicio orzamentario do ano 2011, a pesar do contexto actual de contención do gasto, adicando a Consellería de Cultura e Turismo, a través da súa Dirección Xeral para o Patrimonio Cultural, 1,2 millóns de euros de investimento só en actuacións en bens culturais nesta cidade.

A achega para o exercicio de 2011 ten como principal beneficiaria á propia Muralla de Lugo, na que se investirán un total de 980.000 euros.

De xeito desglosado, establécese unha partida de 500.000 euros para o seu mantemento, obras de restauración e mellora da accesibilidade e un total de 480.000 euros para o remate das obras de acondicionamento e posta en valor do xacemento arqueolóxico asociado á muralla de Lugo, denominado templo de Mitra e localizado no espazo anexo á Muralla baixo o edificio do Vicerreitorado de Lugo. De xeito desglosado, as obras de remate e acondicionamento deste asentamento terán unha dotación de 230.000 euros e os traballos de posta en valor do xacemento contarán cun total de 250.000 euros.

O proxecto expositivo dos restos arqueolóxicos atopados no Vicerreitorado configura un percorrido circular que, a partir das plataformas elevadas existentes, permite atravesar distintas estancias romanas e aproximarse aos restos arqueolóxicos, no que a consolidación arqueolóxica das estruturas romanas e a reintegración das lagoas facilitará a comprensión dos restos.

O discurso expositivo configúrase a partir dunha sucesión de acontecementos en torno aos tres elementos máis importantes: domus, mitreo e muralla, outorgándolle a montaxe expositiva unha gran relevancia aos elementos multimedia, como fórmula para incrementar o interese do relato histórico e expositivo.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 1 FEB. 2011

Núm. 58464



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49112**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **"a oferta de leite a 0,39 céntimos por litro nos lineais dalgúns supermercados e as actuacións da Xunta de Galicia ao respecto"**, (publicada no BOPG núm.334 do 30 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Como medidas para reducir as dificultades que está a atravesar o mercado do leite, especialmente para os produtores, a Consellería do Medio Rural estableceu no sector lácteo medidas de fomento de contratos homologados. Unha delas foi a de establecer requirimentos de contratos homologados para a concesión e pagamento de axudas ás empresas lácteas.

A empresa citada ten subscrito contratos homologados cos produtores das cooperativas Arzuana, Gancobre, Indega, O Pereiro, Oriber, Codegui, Mopan, Codeira e Xertiga."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49178**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar e varios/as deputados/as máis, sobre **"a situación na que se atopa a ampliación da estrada PO-255 no seu tramo Pontecaldelas - A Lama, as especies ou os hábitats existentes nesa zona e as razóns da non realización do informe de impacto ambiental das obras, así como as medidas previstas para reparar os danos causados"**, (publicada no BOPG núm. 324 do 30 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"As obras de acondicionamento das estradas PO-255, treito: Ponte Caldelas-PO-250 (Forzans) e da PO-241, treito: Caritel-A Lama, deron comezo o pasado mes de xuño de 2010.

As obras afectan a unha pequena carballeira, con sotobosque de acivros e fentos, onde se constatou tamén a existencia da salamántiga galega ('salamandra rabilarga'), que vive en regatos de correntes febles.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

De acordo co establecido no R.D. lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxecto, os proxectos que consistan na realización de obras deberán someterse á avaliación de impacto ambiental cando estean comprendidos no Anexo I, (Artigo 3), e nese anexo inclúense, as estradas de nova construción ou ben as ampliacións ou modificacións de trazado cando impliquen a transformación en autoestradas, autovías ou estradas de dobre calzada e de máis de 10 Km. O proxecto de acondicionamento da estrada existente, que está a executar a Xunta de Galicia, non está comprendido en ningún dos supostos previstos na lei e, polo tanto, non resulta preceptivo tramitar a declaración de avaliación ambiental.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, logo da contratación do control e vixilancia ambiental da obra, tramitou o proxecto Modificado Nº 1 do proxecto principal, aprobado o 30/12/2010, e que permite variar a estrutura da glorieta proxectada para limitar a ocupación do terreo onde se atopan as citadas especies protexidas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
 REGISTRO XERAL ENTRADA
 31 XAN. 2011
 Núm. 58280

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
 31 XAN. 2011
 SAÍDA
 Núm.6669.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49255**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona María Teresa Táboas Veleiro, sobre **"o corte da calzada dereita da AG-64 Ferrol-Vilalba, no sentido As Pontes"**, (publicada no BOPG núm.324 do 30 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A inspección nos viadutos da AG-64: A Ramadela, Espariza e Pena de Eiriz foi realizada dentro do Sistema de Xestión de Obras de Paso, (XOPA). No viaduto da Ramadela detectouse a necesidade de facer unha inspección especial, analizando os materiais e o nivel de seguridade. Con esta inspección decidiuse realizar unha valoración e unha proposta de actuación para asegurar preventivamente os sistemas de apoio do viaduto e as xuntas de dilatación. Estas actuacións produciron as primeiras restricións ao tráfico no viaduto da Ramadela, primeiro para a reparación das xuntas de dilatación, e sucesivamente, de xeito intermitente, realizáronse cortes para a recolocación provisional dos apoios; aproveitándose a actuación para avaliar o estado dos apoios desde o interior das vigas, o que precisa de toma de mostras in situ para planificar os traballos que garantan a súa perdurabilidade co nivel de resistencia do 100%.

Logo de que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas veu a necesidade de actuar, para manter a súa posición, no viaduto da AG-64 conforme aos primeiros informes técnicos, procedeuse de xeito inmediato a realizar os primeiros traballos de reforzo e de reparación nas xuntas de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

dilatación, o que obrigou a cortar o tráfico en dirección As Pontes e desvialo a través da AC-861 (Vilalba-Igrexafeita). Durante a execución destes traballos procedeuse a contratar a realización dunha análise do estado do viaduto, para acometer nunha segunda fase a substitución das xuntas e mellorar a durabilidade dos apios.

A citada Consellería realizou o proxecto de construción e licitou a obra para a reparación dos viadutos da Ramadela e Espariza, que evitarán novas actuacións nestas infraestruturas a medio/longo prazo. A adxudicación da obra realizarase nas vindeiras semanas.

A calzada dereita da AG-64, Ferrol-Vilalba, sentido As Pontes, abriuse ao tráfico o pasado día 5 de outubro de 2010.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **49256**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Modesto Pose Mesura e varios/as deputados/as máis, sobre **“o incremento sufrido pola lista de espera non estrutural dende a entrada do actual Goberno galego, as medidas previstas pola Consellería de Sanidade para corrixilo e a súa publicación periódica”**, (publicada no BOPG nº 324, do 30 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No que respecta á información sobre listas de espera, no Servizo Galego de Saúde cumprimos escrupulosamente o RD/605/2003. Temos o compromiso, e así o facemos, de rexistrar a todos os pacientes, e de xestionar as listas de espera con criterios de priorización, atendendo a gravidade. Seguiremos traballando e adoptando medidas para mellorar a actividade e rendemento, e por atender aos pacientes no menor tempo posible.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49341**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a evolución da débeda pública da Xunta de Galicia e a súa incidencia no futuro”**, (publicada no BOPG núm. 324 do 30 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A política de endebedamento da Xunta de Galicia desenvólvese segundo o ordenado nas leis de orzamentos da CCAA que anualmente aproba o Parlamento de Galicia, así como co Programa Anual de Endebedamento asinado co Ministerio de Economía y Hacienda do Estado, que se elabora seguindo as directrices emanadas do Consello de Política Fiscal e Financeira.

Este marco normativo, xunto con unha política rigurosa de execución, fixeron posible que Galicia fora, xunto con Madrid e La Rioja, unha das tres CCAA que cumpriron o requisito de estabilidade orzamentaria no ano 2009. Así mesmo, fan posible que Galicia veña executando sin maiores atrancos a súa política de endebedamento, presentando unha execución moito máis racional en canto a instrumentos, prazos e custos que algunhas outras autonomías que a data de hoxe non gozan dun nome tan solvente como o galego.

Respecto da débeda, o prazo de formalización das operacións tenta buscar un equilibrio en canto a custo e período de vida útil dos investimentos a financiar.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

A presupostación realista dos ingresos, xunto con esa execución racional do PAE fan posible manter os menores períodos de pagamento do conxunto das CCAA.

Respecto dos financiamentos mediante a colaboración público-privada, indicar que son instrumentos utilizados na totalidade de Administracións públicas non só españolas, senón europeas, amosándose como un produto que permite afrontar investimentos nun momento de restricións orzamentarias, executando proxectos que doutro modo non poderían levarse a cabo. De igual xeito, a colaboración privada permite aportar coñecemento e experiencia en determinados campos, complementando o coñecemento da Administración pública, así como uns menores tempos de execución e unha certeza non prezo final a acadar.

De igual maneira que outro tipo de investimentos cómpre ter cuantificados os seus custos futuros, valoración compartida polos grupos parlamentarios galegos, o que deu lugar a unha norma de control e información deste tipo de investimentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 3ª- nº **49344**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a valoración da achega do Xacobeo 2010 á actividade económica de Galicia, o mantemento dos efectos económicos dos anteriores anos santos e a súa contribución ao diferencial de crecemento entre a economía galega e a española”**, (publicada no BOPG nº 325, do 1 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Nos dez primeiros meses do ano superouse o obxectivo que a Xunta de Galicia se marcou de chegar aos 8 millóns de visitantes durante o Ano Xacobeo que agora rematou.

Nos últimos anos Xacobeos o crecemento da economía galega foi superior ao nacional. En concreto, en 1993 o diferencial con respecto á economía española foi de + 0,6%, en 1999 de + 0,7% e en 2004 de + 0,2%.

Os datos turísticos dos que dispoñemos ata o momento para a nosa Comunidade son moi positivos. Neste sentido, Galicia duplicou entre xaneiro e novembro de 2010 o incremento interanual rexistrado nese mesmo período no volume de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros a nivel nacional, segundo se desprende dos datos oficiais do Instituto Nacional de Estadística (INE). A Comunidade galega contabilizou no período



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

xaneiro-novembro deste ano un incremento do 12,1% no volume de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros con respecto ao mesmo período do ano pasado, mentres que a media nacional foi do 6,5%. O incremento tamén se registrou nas pernoitas, que aumentaron un 10,3% neses once meses do ano respecto ao mesmo período do ano 2009. Pola contra, a media nacional situouse nun 6,6%.

En canto ao mes de novembro, Galicia registrou un aumento do volume de viaxeiros do 6,9% respecto do mesmo período do ano pasado. As pernoitas situáronse nun 5,8% máis respecto a novembro de 2009. As variacións interanuais na cifra de viaxeiros en relación ao período comprendido entre xaneiro e novembro do último Ano Santo, superan neste 2010 nun 3,7% a cifra de viaxeiros e nun 4,6% a cifra de pernoitas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49345**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **"os datos relativos ao custo da presentación pública e da edición do Plan estratéxico 2010-2014"**, (publicada no BOPG núm. 325 do 1 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"O custe do acto de presentación pública o día 7 de xuño de 2010 ascende a un total de 29.367,45 €, cuxo detalle é o seguinte:

Concepto	Importe
Aluguer do Pazo de Congressos os días 6 e 7 de xuño	1.533,37 €
Servizo de organización do evento: de acondicionamento escenario, medios técnicos, servizo de azafatas	20.874,08 €
Servizo de deseño e produción audiovisual da campaña do plan	6.960,00 €



A maquetación para consulta na web e impresión de 35 exemplares da versión presentada ao Parlamento de Galicia do Plan Estratéxico foi realizado por un importe de 4.403,59 euros.

Non é unha edición definitiva senón o documento para consulta, discusión e mellora, pública a través da web e a impresión de exemplares para o traballo parlamentario e administrativo nas respectivas Consellerías.

Ditos pagamentos efectuáronse con arreglo a:

Aplicación orzamentaria	Importe
06.01.611A.226.06 `reunións, conferencias e cursos'	1.533,37 €
06.01.611A.227.06 `estudios e traballos técnicos'	32.237,67 €

Se o concepto de editar e sinónimo de divulgar, o que se fixo é unha labor de divulgación.

Este é un documento aberto, suxeito ao debate e mellora. Iso esixe a máxima divulgación e coñecemento. Divulgación que se fixo a través da web por ser moito máis eficiente.

Para evitar custes se reduciu a impresión a 35 exemplares de traballo. Son exemplares de traballo cunha enmaquetación que permite a súa consulta en internet de forma máis organizada e non edicións definitivas xa que, evidentemente, estaban iniciando a súa tramitación parlamentaria.

A impresión da maior parte dos 35 exemplares responde a unha petición expresa da presidencia da Comisión 3ª para facilitar o traballo dos grupos parlamentarios mediante un exemplar fácilmente manexable."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **49373**, formulada polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre “**a elaboración do II Plan de atención integral á saúde da muller de Galicia**”, (publicada no BOPG nº 325, do 1 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego traballa para mellorar a atención que prestamos ás mulleres sexa no ámbito que sexa. Así está xa reorganizado e implantado o proceso asistencial do aborto e en fase de achegas o de fibromialxia.

A través da implantación real destes procesos, da Escola Galega de saúde para cidadáns, e do traballo coas asociacións de cidadáns e de pacientes, queremos facer realidade as melloras, máis alá da elaboración dun documento.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

RS/mv

28 XAN. 2011

Núm. 58155



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **49375**, formulada polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona Isabel Sánchez Montenegro, sobre **“a previsión de implantación do sistema de xestión integrada na área sanitaria de Monforte de Lemos”**, (publicada no BOPG nº 325, do 1 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-December de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:n

“Tal e como se recolle na Estratexia Sergas 2014, o modelo que queremos implantar é o de xestión integrada. Este está recollido no Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa da xestión integrada do Servizo Galego de Saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Casado García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **49524**, formulada polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, CHUS”**, (publicada no BOPG nº 331, do 11 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O CHUS é un centro de excelencia, a espera media a 31/12/10 era de 73,2 días en cirurxía e 63,5 para primeira consulta, inferior en 8 e 18 días respectivamente en relación a 31/12/2009. No Complexo Hospitalario Universitario de Santiago realizáronse durante o ano 2010 14.074 intervencións en xornada ordinaria (10,2% máis que no ano anterior). O rendemento cirúrxico acadou o 77,6%. Realizáronse 550.313 consultas, incrementado nun 65% as realizadas no ano anterior. O tempo de espera media para pacientes en prioridade I é de 22 días, e para os de prioridade II de 51 días, polo que se cumpriu o obxectivo establecido . O proceso de selección do xefe de cirurxía xeral e dixestiva seguiu escrupulosamente o procedemento recollido na normativa vixente e na convocatoria realizada.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49818**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e don Henrique Viéitez Alonso, sobre **"a situación sanitaria no concello de Salceda de Caselas"**, (publicada no BOPG núm. 331 do 11 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A atención sanitaria en xornada de maña os sábados, no concello de Salceda, centralizouse no PAC de Porriño, con fin de asegurar unha mellor calidade asistencial."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.



Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 50273**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e don Alfredo Suárez Canal, sobre **"a situación do proceso de oferta pública de emprego do ano 2008"**, (publicada no BOPG núm. 331 do 11 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"En canto á situación a día de hoxe de cada unha das quendas da oferta de emprego público do ano 2008 publicada no DOG do 4 de maio dicir que é a que figura na tabla 1.

O número de prazas incluídas en procesos pendentes de rematar son as que figuran na tabla 2.

Respecto as prazas reservadas ao persoal funcionario cómpre facer as seguintes aclaracións:

- Proceso selectivo para o acceso ao subgrupo C1 consolidación (60): Pendente do nomeamento dos aprobados do C1 libre co fin de poder chamar a outros



opositores a cubrir as vacantes que deixen os que aprobaron tamén o C1 consolidación (40).

- Proceso selectivo C2 libre (30): Pendente da elección de destino e nomeamento dos aprobados do C1 consolidación co fin de poder chamar a outros opositores a cubrir as vacantes que deixen os que aprobaron tamén o C1 consolidación.

Consonte co anterior, ao día da data non hai ningún opositor que poda ser chamado a elixir destino.

Respecto as prazas reservadas ao persoal laboral cómpre facer as seguintes aclaracións:

- As 433 prazas correspondentes ao proceso de consolidación de persoal laboral foron obxecto de axuste e se incorporaron á Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2009 (DOG número 246, do 18 de decembro).

- A convocatoria das 1430 prazas correspondentes ao proceso de estabilización do persoal laboral está condicionada a resolución dos procesos de consolidación de persoal laboral.

A secuencia de datas en que foron culminando os procesos son os que figuran na tabla 3.



TABLA 1

OEP 2008

ESTADO DOS PROCESOS SELECTIVOS

PROCESO	Nº prazas	ESTADO
A1 Extraordinario de consolidación	45	Convocatorias semanais das lecturas 2º exercizo
A1 Ordinario	15	Rematada a fase de oposición coa declaración das exencións para o 3º exercizo (DOG 22/10/2010)
A1 Promoción Interna	30	Fase de presentación da documentación da fase de concurso (DOG 20/10/2010)
A2 Extraordinario de consolidación	16	Destino provisional
A2 Ordinario	26	Destino provisional
A2 Promoción Interna	35	Publicado o baremo provisional (DOG 26/10/2010)
Agrupación profesional consolidación	31	Destino provisional
Agrupación profesional libre	105	Destino provisional
Escala de arquitectos superiores A1	14	Destino provisional
Escala de arquitectos técnicos A2	2	Destino provisional
Escala técnica auxiliar de informática C1	39	Destino provisional
C1 Extraordinario de consolidación	60	Publicada a relación de aprobados (DOG 26/05/2010)
C1 Ordinario	154	Realizado o acto de elección de destino provisional o 11/11/2010
C1 Promoción Interna	200	Publicado o baremo definitivo (DOG 15/10/2010)
C1 Promoción Interna para consolidación de grao	100	Sen convocar
C2 Extraordinario de consolidación	200	Publicado o baremo provisional (DOG 30/09/10)
C2 Ordinario	30	Publicada a relación de aprobados (DOG 23/06/2010)
C2 Promoción Interna	170	Publicado o baremo provisional (DOG 08/11/2010))
Escala de axentes facultativos ambientais C1	20	Sen convocar
Escala de inspección de consumo A2	6	Destino provisional
Escala de inspección turística A2	8	Realizado 1º exercizo o 30/10/2010
		Destino provisional
Escala de letrados A1	11	
Escala de veterinarios A1	48	Sen convocar
Escala de xestión sistemas de información A2	12	Destino provisional
Grupo I-019 (titulado superior especialista)	1	Convocado o 1º exercizo para o 18/12/2010
Grupo I-037 (titulado superior ambiental)	15	Convocado o 1º exercizo para o 21/12/2010
Grupo II-041 (técnico ambiental)	3	Convocado o 1º exercizo para o 18/12/2012
Grupo IV-031 (legoeiros)	55	Sen convocar
Plan de estabilización grupo I	102	Sen convocar
Plan de estabilización grupo II	81	Sen convocar
Plan de estabilización grupo III	187	Sen convocar
Plan de estabilización grupo IV	420	Sen convocar
Plan de estabilización grupo V	640	Sen convocar



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

OEP 2008	
PROCESOS SELECTIVOS PENDENTES DE CONVOCATORIA	
PROCESO	Nº DE PRAZAS
C1 Promoción Interna para consolidación de grao	100
Escala de axentes facultativos ambientais C1	20
Escala de veterinarios A1	48
Grupo IV-031 (legoeiros)	55
Plan de estabilización grupo I	102
Plan de estabilización grupo II	81
Plan de estabilización grupo III	187
Plan de estabilización grupo IV	420
Plan de estabilización grupo V	640

TABLA 1		
OEP 2008		
PROCESOS REMATADOS (Tabla 1)		
PROCESO	PRAZAS	DATA DO NOMEAMENTO
A2 Extraordinario de consolidación	16	08/11/2010
A2 Ordinario	26	02/08/2010
C1 Ordinario	154	18/11/2010
Agrupación profesional extraordinario de consolidación	31	07/06/2010
Agrupación profesional ordinario	105	02/03/2010
Escala de letrados A1	11	03/08/2010
Escala de arquitectos superiores A1	14	19/07/2010
Escala de arquitectos técnicos A2	2	15/09/2010
Escala de inspección de consumo A2	6	29/09/2010
Escala de xestión sistemas de información A2	12	20/07/2010
Escala técnica auxiliar de informática C1	39	29/09/2010

OEP 2008
PROCESOS EN TRÁMITE

PROCESO	PRAZAS	ESTADO
A1 Extraordinario de consolidación	45	Convocatorias semanais para as lecturas correspondentes aos 316 aspirantes presentados ao 2º exercicio
A1 Ordinario	15	Rematada a fase de oposición coa declaración das exencións para o 3º exercicio (DOG 22/10/2010)
A1 Promoción Interna	30	Fase de presentación da documentación da fase de concurso (DOG 20/10/2010)
A2 Promoción Interna	35	Publicado o baremo provisional (DOG 26/10/2010)
C1 Extraordinario de consolidación	60	Publicada a relación de aprobados (DOG 26/05/2010). Pendente da exclusión de 101 dos 147 aspirantes que se nomeen no PS ordinario
C1 Promoción Interna	200	Publicado o baremo definitivo (DOG 15/10/2010)
C2 Extraordinario de consolidación	200	Publicado o baremo definitivo (WEB 16/11/10)
C2 Ordinario	30	Publicada a relación de aprobados (DOG 23/06/2010). Pendente da resolución do proceso de consolidación do C1 por posibles renuncias
C2 Promoción Interna	170	Publicado o baremo provisional (DOG 08/11/2010)
Escala de inspección turística A2	8	Realizado 1º exercicio 30/10/2010 (proceso afectado pola execución da sentenza ditada no PO 745/2003)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

De acordo coas previsións sobre as exclusións dentro de cada subgrupo contidas nas convocatorias e cos criterios adoptados pola Dirección Xeral para facilitar a cobertura do maior nº de prazas posible ante posibles renuncias de aspirantes con máis dun subgrupo superado, non hay neste momento ningún proceso pendente de adxudicación de destino.

TABLA 2

OEP 2008	
PROCESOS SELECTIVOS NON REMATADOS (Tabla 2)	
PROCESO	Nº DE PRAZAS
A1 Extraordinario de consolidación	45
A1 Libre	15
A1 Promoción Interna	30
A2 Promoción Interna	35
C1 Extraordinario de consolidación	60
C1 Promoción Interna	200
C2 Extraordinario de consolidación	200
C2 Promoción Interna	170
Escala de inspección turística A2	8
Grupo I-019 (titulado superior especialista)	1
Grupo I-037 (titulado superior ambiental)	15
Grupo II-041 (técnico ambiental)	3

PROCESOS SELECTIVOS PENDENTES DE CONVOCATORIA	
PROCESO	Nº DE PRAZAS
Escala de veterinarios A1	48
Escal de axentes facultativos ambientais C1	20
Grupo IV-031 (legoeiros)	55
Plan de estabilización grupo I	102
Plan de estabilización grupo II	81
Plan de estabilización grupo III	187
Plan de estabilización grupo IV	420
Plan de estabilización grupo V	640

Prevista para o 4º trimestre



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

TABLA 3

OEP 2008		
PROCESOS SELECTIVOS REMATADOS (Tabla 3)		
PROCESO	Nº DE PRAZAS	DATA
A2 Extraordinario de consolidación	16	08/11/2010
A2 Ordinario	26	02/08/2010
C1 Ordinario	154	18/11/2010
Agrupación profesional extraordinario de consolidación	31	07/06/2010
Agrupación profesional ordinario	105	02/03/2010
Escala de letrados A1	11	03/08/2010
Escala de arquitectos superiores A1	14	19/07/2010
Escala de arquitectos técnicos A2	2	15/09/2010
Escala de inspección de consumo A2	6	29/09/2010
Escala de xestión sistemas de información A2	12	20/07/2010
Escala técnica auxiliar de informática C1	39	29/09/2010

..

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 50586**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"II Plan estratéxico de xuventude denominado 'Xuventude 2013: unha estratexia para a mocidade galega'"**, (publicada no BOPG núm.332 do 13 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

"Xuventude 2013. Unha estratexia para a mocidade galega" conta cun total de 254 medidas e accións, distribuídas en 9 eixes estratéxicos: educación, emprego, creatividade e espírito empresarial, vivenda, saúde e deporte, información e formación, participación e asociacionismo, voluntariado e mobilidade.

Esta é unha estratexia que marca os obxectivos do conxunto da Xunta de Galicia en materia de xuventude, e polo tanto é un documento aberto e flexible, que se debe adaptar á realidade de cada momento para ofrecer aos mozos e mozas da nosa Comunidade Autónoma unha resposta actualizada ás demandas cambiantes da sociedade.

Os obxectivos son os de por en marcha un novo Plan Estratéxico de Xuventude que abrangue toda a lexislatura, xa que dende o Plan que fora elaborado no ano 2004, non se considerou a oportunidade de redefinir a política de mocidade dende unha perspectiva global e interdepartamental."



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv




En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **50588**, formulada polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre “o despacho de receitas de consultas privadas por facultativos do Sergas”, (publicada no BOPG nº 332, do 13 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-December de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No marco da promoción de boas prácticas de prescrición e dispensación de medicamentos, enviouse unha notificación recordando as obrigas legais neste sentido.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
RS/mv 31 XAN. 2011
Núm. 58255

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
31 XAN. 2011
SAÍDA
Núm. 6684

En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **50660**, formulada polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e varios/as deputados/as máis, sobre **“a situación de deterioración da asistencia sanitaria na atención primaria e especializada en Ourense”**, (publicada no BOPG nº 332, do 13 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Atención Primaria non houbo lista de espera durante o verán de 2010. No verán realizouse a actividade cirúrxica programada que foi superior á de anos anteriores. Non houbo ningunha situación de conxestión nos servizos de urxencias durante o verán.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 50663**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e varios/as deputados/as máis, sobre **“a situación de deterioración da asistencia sanitaria na atención primaria e especializada en Vigo”**, (publicada no BOPG núm. 332 do 13 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Atención Primaria non houbo lista de espera durante o verán do ano 2010. No verán realizouse a actividade cirúrxica programada que foi superior á de anos anteriores. Non houbo ningunha situación de conxestión nos servizos de urxencias durante o verán.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **50708**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura, sobre **“o accidente ocorrido na sala de endoscopias do Complexo Hospitalario de Ourense”**, (publicada no BOPG nº 332, do 13 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O brote de sepsis clínica estivo asociado á realización de exploracións endoscópicas na sala 1 do Hospital Santa María Nai. Os resultados da investigación mostran como causa inmediata a inxección intravenosa de medicación contaminada.

A investigación non puido concluír con certeza se a orixe da contaminación foi intrínseca ou extrínseca. Realizouse unha análise clínico-epidemiolóxica dos casos, solicitáronse análises microbiolóxicas tanto dos pacientes como do persoal, así como mostras ambientais da sala e das substancias utilizadas.

Adoptáronse medidas de control, como o peche das salas de endoscopia dixestiva, a atención clínica aos pacientes afectados por un único equipo de Medicina Interna, e a ubicación destes pacientes en salas separadas do resto dos pacientes. Inmovilizáronse os lotes da medicación implicada e revisáronse os protocolos de hixiene, técnicas de asepsia e prácticas de control de infección nas salas de endoscopia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Polo tanto, as liñas de actuación prioritarias foron lozalizar e atender aos afectados no menor tempo posible, determinar e illar o foco e realizar unha investigación exhaustiva.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 50955**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Cajide Hervés e varios/as deputados/as máis, sobre **“os datos do Goberno galego respecto do aluguer non declarado para efectos fiscais en Galicia e as actuacións previstas para avaliar o seu impacto”**, (publicada no BOPG núm.332 do 13 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Amparándose na dificultade da súa realización, ningún goberno quixo elaborar ata agora un estudo en profundidade sobre a economía mergullada e a fraude fiscal en España.

En canto aos niveis de fraude fiscal por tributo, parece claro que onde teñen maior presenza é no Imposto de Sociedades (ou o seu equivalente no IRPF: Rendementos de actividades económicas por estimación directa) e no Imposto sobre o valor Engadido, o que provoca que estes impostos estean recadando por debaixo do seu nivel potencial que, evidentemente, diminuíu na situación económica actual.



Respecto aos tributos xestionados pola Xunta de Galicia, podemos distinguir entre os propios e os cedidos polo Estado.

Nos primeiros, non cabe falar de niveis de fraude significativos polas características destes, en especial o reducido número de suxeitos pasivos ou a súa vinculación a determinados consumos, así como polas actuacións de comprobación desenvolvidas pola Administración autonómica.

Respecto aos tributos cedidos de xestión autonómica, en particular os impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns, cabe distinguir dous focos de defraudación fiscal, os feitos impoñibles non declarados e a fraude nos valores declarados. Para combater ambas as dúas condutas, as actuacións da Administración Tributaria autonómica concréntanse nas actividades de inspección (comprobación e investigación) e comprobación de valores, respectivamente.

A Xunta de Galicia xa colabora anualmente na elaboración do Plan de Prevención da Fraude Fiscal de aplicación en todo o territorio español e tamén se deseña pola Dirección Xeral de tributos un plan de actuacións inspectoras no ámbito autonómico. Respecto ao caso particular formulado, a fraude en alugueres de vivenda, a Xunta de Galicia facilita periodicamente a Axencia Estatal de Administración Tributaria, que é quen ten a competencia para a comprobación e investigación, os datos dispoñibles derivados das competencias en materia de vivenda e, en particular, de alugueres.

Respecto ao informe presentado por Gestha cabe sinalar que de ningún modo pode concluírse que a metade dos alugueres non se declaren, xa que ambas as dúas magnitudes comparadas son imposibles de homologar.

Así, mentres os datos do Ministerio se refiren a unha estimación de vivendas alugadas, os da Axencia Tributaria son segundo o número de declarantes de IRPF que se reduce por arrendamento de vivendas habituais.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Ademais, esquecese que non só os declarantes de IRPF alugan vivendas en España, xa que tamén existe un amplo sector empresarial e público que se dedica ao aluguer de vivenda ou ao aluguer con opción de compra que non vén reflectido na devandita estatística do IRPF.

Por último, os incentivos fiscais, tanto do Estado como da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto para os arrendadores como para os arrendatarios, están vinculados ao cumprimento de obrigas formais como incluír nas declaracións polo IRPF o número de referencia catastral ou o NIF de arrendatario, o que provocou que as condutas defraudatorias no ámbito do aluguer de vivenda dificilmente puidesen aumentar nos últimos anos, máis ben o contrario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 51676**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **"a aplicación, no tramo autonómico do IRPF, dunha bonificación para a adquisición de participacóns nas empresas que coticen no Mercado Alternativo Bursátil e noutras firmas de tres anos de antigüidade"**, (publicada no BOPG núm. 335 do 18 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"Dende unha perspectiva estritamente financeira, estas medidas non afectan ao ano 2011, xa que o orzamento se elabora de acordo co criterio de caixa e a medida afecta ao IRPF e entraría en vigor o 1 de xaneiro de 2011. Dado que a medida afecta ao IRPF debe terse en conta tanto o período de declaración do IRPF (no ano seguinte, que é cando se aplicaríase a dedución polo contribuínte) coma o réxime de cesión de tributos do vixente sistema de financiamento autonómico (en cada exercicio recíbense entregas a conta dunha liquidación definitiva que se efectúa dous anos despois).

Por outro lado, cabe salientar que as medidas suporán que se incremente a recadación polo ITP-AJD no exercicio 2011 (con criterio de caixa), polo concepto de operacións societarias que grava tanto as constituicións coma as ampliacións de capital, xa que o rendemento deste imposto está cedido (100%) á Comunidade Autónoma onde ten o domicilio fiscal a entidade que se constitúe ou ampla o capital e a xestión e recadación do mesmo corresponde a CA de Galicia (polo que non está suxeito o réxime de entregas a conta, sendo o período de declaración de trinta días hábiles dende que se formalice a constituición ou ampliación).



Todo elo permite cualificar a medida como anticíclica e coñecer os seus efectos reais antes de que se reflectan no orzamento.

En canto ás bonificacións dicir que tanto a entidade coma o investidor deben ter o seu domicilio en Galicia.

Entre os requisitos para ter dereito a dedución figura que a entidade na que se inviste debe ter domicilio social e fiscal en Galicia.

O beneficiario das deducións só será o investidor (persoa física) con residencia habitual en Galicia, xa que unicamente esta cedido o rendemento do IRPF correspondente aos residentes na Comunidade Autónoma e, polo tanto, só se teñen competencias normativas no IRPF respecto a estes.

Na actualidade cotizan no Mercado Alternativo Bursátil (MAB) 8 empresas, ningunha delas é galega. A primeira admisión a cotización neste mercado foi o 15/7/2009, e as restante 7 foron admitidas fai menos dun ano. É dicir, tratase dun mercado novo. Podemos adiantar que, a lo menos, dúas empresas galegas serán admitidas no MAB nos próximos 3 meses.

Estamos ante medidas dirixidas a favorecer a implantación (*creación-constitución*) ou ampliación da actividade (*capitalización-ampliación de capital*) de empresas situadas en Galicia, así como o financiamento do crecemento das empresas de gran potencial expansivo establecidas na Comunidade de Galicia, fomentando a participación de investidores privados.

Son medidas de apoio fiscal aos emprendedores e ao desenvolvemento empresarial, de fomento á actividade e o crecemento económico, o que redundará nun incremento da nosa capacidade fiscal potencial no propio IRPF e noutros tributos (OS, IVE)."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

31 XAN. 2011

Núm. 58321

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

31 XAN. 2011

SAÍDA

Núm. 6640

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 51874**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Guillermo Antonio Meijón Couselo e varios/as deputados/as máis, sobre **"a problemática que presenta o servizo de transporte escolar do colexio da Ponte, no concello de Lugo, as denuncias formuladas polas empresas que o realizan e as actuacións levadas a cabo, así como as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao respecto"**, (publicada no BOPG núm. 335 do 18 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 51876, publicada no BOPG número 375, de data 16/12/2010 e á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 51927**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e don Alfredo Suárez Canal, sobre **“a resposta remitida pola Xunta de Galicia a unha pregunta relativa ás declaracións do director xeral da Función Pública realizadas nunha comisión parlamentaria”**, (publicada no BOPG núm.335 do 18 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A aseveración que se atribúe ao director xeral non figura entrecomiñada, poñendo de manifesto que non se trata dun cita literal.

O que o director xeral manifestou na comparecencia que a petición propia realizou ante a comisión parlamentaria o pasado día 9 de abril foi que o tribunal da quenda de promoción interna se constituíra o 14 de decembro de 2009 e que ante as dúbidas que lle xurdiron aos membros, fixeron as correspondentes consultas na Dirección Xeral da Función Pública; onde non se considerou que se incorrese en causa de abstención de acordo coa interpretación que dese apartado da Lei 30/1992 ven realizando a xurisprudencia.

Non se estaba pois ante unha situación ilegal nin a imparcialidade do tribunal viuse afectada en ningún momento, pero as informacións publicadas xeraron dúbidas na sociedade.

Analizada a situación viuse que “sendo legal non é desexable” e se adoptaron as medidas precisas para corríxila.

Reiterase por tanto, que a aseveración que se lle atribúe ao director xeral non e unha cita literal.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

A Conselleira de Facenda non coñecía dato de que se estaba a producir unha situación non desexable nos tribunais de selección ata que se lle comunicou olo director xeral da función Pública.

A Conselleira comparte esta mesma valoración de que a situación era non desexable e de aí as medidas adoptadas polo Consello da Xunta o pasado 8 de abril para a mellora dos procesos selectivos.

Por suposto que non é práctica habitual no Goberno o convivir con situacións non desexables e non actuar ata que non se coñecen nos medios de comunicación. O coñecemento de situacións non desexables leva, como sucedeu neste caso, a adopción de medidas para a súa corrección .O que é practica habitual é adoptar medidas para corrixir esas situacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 4ª- nº **52096**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e don José Luis Méndez Romeu, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non utilizar as solucións baseadas na Internet nos espectáculos que promove, nomeadamente nos do Xacobeo 2010”**, (publicada no BOPG nº 335, do 18 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A Administración Autonómica galega está a realizar un intenso traballo en materia de promoción, desenvolvemento e difusión da sociedade da información por medio dunha estratexia integradora e próxima á cidadanía que busca satisfacer as actuais demandas sociais nos eidos das tecnoloxías da información e a comunicación, sendo este un dos seus eixes de actuación estratéxicos.

Sobre esta base, a Xunta de Galicia, consciente de que o século XXI require dunha nova linguaxe, tecnolóxica e universal, que se reflecta na programación, na imaxe gráfica e no uso das ferramentas tecnolóxicas, informáticas e de comunicación, estableceu como un dos principios básicos de actuación do Xacobeo 2010 o da modernidade, aplicándoo ás dez liñas de programación desenvolvidas.



A Xunta de Galicia utilizou múltiples solucións baseadas no emprego de Internet nos espectáculos promovidos durante o Ano Santo. Neste sentido, a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, dependente da Consellería de Cultura e Turismo, informou en todo momento e en tempo real por medio das súas diversas canles de comunicación dos prazos e das vías oficiais para mercar as entradas para os espectáculos incluídos na programación do Xacobeo 2010, atopándose a totalidade da programación dispoñible para a súa consulta pública na páxina web do Xacobeo 2010, a través de diferentes recursos como o buscador de eventos (por palabras chave, datas, localización e tipo de evento), a Axenda-blog (distinguindo entre eventos destacados, musicais, culturais, audiovisuais, gastronómicos e de espiritualidade) ou a subscripción gratuíta ao Newsletter do Xacobeo.

Asemade, a programación do Xacobeo 2010 estivo amplamente presente na rede a través doutras canles, como as redes sociais Facebook e Twitter ou o sitio electrónico Youtube, ademais da súa habitual presenza noutros medios de comunicación tradicionais, como a prensa escrita.

Polo que respecta en concreto ao ciclo Xacobeo Classics, a adquisición de entradas para os eventos celebrados habilitouse a través das páxinas web de Servinova (Caixanova) e Caixa Galicia, entidades colaboradoras do Xacobeo 2010 de acreditada experiencia en Galicia na venda de localidades en liña para todo tipo de espectáculos, así como a través de Ticket Master-Tick tack ticket.

A entusiasta resposta do público e o feito de que as entradas se esgotasen en poucas horas na maioría dos casos só demostran a transparencia na información ofrecida e o éxito acadado pola programación do Xacobeo 2010.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52250**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Jacinto Varela Sánchez, sobre **“as razóns da modificación pola RTVG do formato tradicional de debate entre os partidos políticos con representación parlamentaria”**, (publicada no BOPG núm. 335 do 18 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Compañía de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O debate ten o seu espazo na Televisión de Galicia en ‘Foro Aberto’, un programa feito cos criterios de servizo público, que toma como referencia a actualidade e a pluralidade social.

Na súa segunda temporada, o programa pretende potenciar o debate e a confrontación, polo que se deseñou unha estrutura dinámica e amena.

Deste xeito, ‘Foro Aberto’ ofrece en cada edición tres bloques temáticos abertos a debate, que abranguen unha gran variedade de temas, desde os de carácter social ata os estritamente políticos, pasando polos de interese humano. Nos debates participan políticos, axentes sociais, comentaristas, analistas e todas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

aquelas persoas que teñan algo que dicir sobre o tema a tratar, configurando así un panel de debate plural e compensado.

Unha das novidades da segunda temporada é a intervención de dous políticos en activo para debater sobre calquera das cuestións formuladas. O criterio central para a elección dos convidados de cada programa é o contraste de pareceres, con posturas encontradas. No cómputo global da temporada, a representatividade de cada un dos partidos está equilibrada en relación coa súa proporción parlamentaria. Ademais, no debate participan outros catro xornalistas, dous con cada unha das partes enfrontadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52254**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Alejandro Gómez Alonso e varios/as deputados/as máis, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia da modificación da Lei estatal 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as medidas impulsadas pola Administración autonómica para ese fin"**, (publicada no BOPG núm. 335 do 18 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"Un dos obxectivos fundamentais da reforma da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (realizada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo) é o de rebaixar os prazos de pagamento das administracións públicas e rebaixar os prazos de pagamento que existen actualmente entre as empresas privadas, basicamente para poder facelas máis competitivas e, ao mesmo tempo, poder equiparalas aos prazos de pagamento que existen nos diferentes países da Unión Europea.

Respecto aos pagamentos das administracións públicas, establece un prazo máximo de trinta días o que suporá unha redución progresiva do prazo inicial de pagamento dos 60 días previstos na Lei 30/2007 de contratos do sector público ata chegar aos 30 previstos nesta modificación para o 1 de xaneiro de 2013.

Ata esa data a lei fixa un período transitorio, de sorte que hai unha escala que pasa por cincuenta e cinco días para o presente ano 2010, cincuenta días para o



ano 2011 e corenta días para o ano 2012, acadándose o obxectivo previsto de 30 días o 1 de xaneiro de 2013.

No que se refire aos prazos de pagamento entre empresas e provedores, establécese un prazo máximo de abono en 60 días e é salientable que reforza o dereito a percibir indemnización, á vez que amplía a posibilidade de que as asociacións denunciem prácticas abusivas en nome dos seus asociados e promove a adopción de códigos de boas prácticas en materia de pagamentos.

Outro obxectivo de interese é que para todos os compromisos de pagamento que existan entre empresas privadas desapareza o termo de "salvo acordo entre as partes", de maneira que o prazo de pagamento de 60 días que impón non poderá ser ampliado por acordo entre mesmas, co fin de evitar posibles prácticas abusivas de grandes empresas sobre pequenos provedores que dean lugar a aumentos inxustificados do prazo.

A filosofía perseguida pola lei, de especial protección á pequena e mediana empresa, é compartida pola Consellería de Facenda que, anticipándose á disposición, garante o pagamento no prazo máximo de 45 días.

Para a posta en práctica deste compromiso, aprobouse a seguinte normativa:

1) Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos, en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dela dependentes.

2) Orde do 12 de febreiro pola que se regulan os procedementos do sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia.

O sistema electrónico de facturación (SEF) iniciou a súa implantación con data 26 de febreiro de 2010 e a 31 de marzo xa estaba funcionando en tódalas consellerías.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Este sistema de facturación electrónica busca acadar catro grandes obxectivos: un mellor servizo a cidadáns e empresas, menores custes, mellorar a liquidez das empresas, así como unha xestión moderna, rápida, eficaz e transparente que permite simplificar trámites.

A pesar de que é un sistema que está empezando a funcionar, os primeiros informes xa dan uns tempos de pagamento que nos permiten asegurar o cumprimento do compromiso de pagamento en menos de 45 días.

Ademais, conscientes do momento económico que estamos a atravesar, deuse orde a todos os organismos pagadores da Administración autonómica de que os pagamentos se realicen coa maior celeridade e sen atrasos inxustificadas que prexudiquen aos contratistas nas súas previsións de cobramento e se prevé o estudo e incorporación de novas medidas a través dos pregos de cláusulas administrativas e outros instrumentos vinculados á contratación pública e á Tesourería."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52339**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Guillermo Antonio Meijón Couselo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as razóns e as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto da redución da oferta de centros de Educación Permanente de Adultos no concello de Vigo no curso 2010-2011, a masificación que se está a producir nas aulas de bacharelato e as dificultades do alumnado para acceder á materia de lingua inglesa”**, (publicada no BOPG núm. 343 do 28 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A aprendizaxe permanente é unha prioridade para a actual Consellería de Educación e OU, que tivo que afrontar unha reordenación destas ensinanzas en función da demanda e da necesidade de mellorar a súa utilidade para que os adultos poidan:

- Actualizar a formación básica e acceder aos diferentes niveis do sistema educativo.



- Mellorar a cualificación profesional ou adquirir unha preparación para o exercicio doutras profesións.
- Adquirir novas informacións, técnicas e habilidades para unha mellor adaptación aos cambios do mundo actual.
- Conseguir unha maior satisfacción e seguridade no medio persoal e profesional.
- Desenvolver a capacidade de participación na vida social, cultural, política e económica.

Para facer fronte aos novos retos da aprendizaxe permanente e adecuar a oferta existente en Galicia ás novas circunstancias, a Consellería afrontou unha análise rigorosa previa e revisou a oferta de ensinanzas, así como a rede de centros que a imparten.

Con data 21 do pasado mes de xuño, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicou a Orde do 11 de xuño de 2010 pola que se establecía a nova rede de centros públicos que imparten as ensinanzas de persoas adultas na Comunidade Autónoma de Galicia. A anterior orde que regulaba esa rede era de 2002 e dende ese ano producíronse unha serie de cambios legais e curriculares transcendentais e tamén cambios importantes na estrutura demográfica da poboación galega.

Por todo iso, como asegura a introdución da orde mencionada, era preciso abordar a reestruturación da rede de centros que imparten ensinanzas para persoas adultas, co propósito de facer efectiva da maneira máis eficaz posible a educación ao longo da vida para os adultos e adultas de Galicia.

Na revisión feita tivéronse en conta novas demandas educativas procedentes do alumnado xurdido do fracaso escolar, das persoas procedentes da inmigración e das novas demandas do mercado laboral. Nese sentido, adaptouse esa rede ás necesidades reais da poboación, evitando reiteracións na oferta e aproveitando as posibilidades das tres modalidades de ensinanza: presencial, semi-presencial e a distancia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

A oferta de ensinanzas para adultos en Galicia proposta pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2010-2011 responde á optimización de recursos e á potenciación da oferta a distancia para este tipo de alumnado.

No caso da cidade de Vigo, a oferta actual de educación para persoas adultas, sustentada en cinco institutos máis un centro específico de EPA, atende cumpridamente as demandas de educación permanente nos niveis sinalados.

Por último, precisar que se ten noticia de que, nun dos institutos da cidade, tres alumnos que cursaban a materia de francés como materia común non puideron continuar cursándoa por non existir número suficiente de alumnos matriculados, polo que pasaron a cursar a materia de lingua inglesa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 51818**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“o rexistro de casos de violencia de xénero nos servizos sanitarios”**, (publicada no BOPG núm. 335 do 18 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Ante a inexistencia de rexistros, circuítos ou protocolos de obtención de datos no Sistema Sanitario Galego para coñecer, analizar e mellorar a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, no ano 2010 deseñamos un sistema informático que nos vai permitir rexistrar de forma sistemática na historia clínica das pacientes, os casos de violencia de xénero.

O novo software para este rexistro está en fase de instalación dentro da historia clínica electrónica IANUS en tódolos servizos sanitarios da comunidade e prevese que estea en funcionamento no primeiro trimestre do 2011.

A información que se recolle neste rexistro é a necesaria para poder obter os indicadores de violencia de xénero consensuados a nivel nacional:



A Información que recolle é:

Centro sanitario

Localidade

Idade

Nacionalidade

Estado civil

Nivel de estudos

Situación laboral

Situación respecto á súa parella ou exparella

Tipo de violencia: física, psicolóxica, sexual

Realización de parte de lesións: con anterioridade e nese momento

Diagnóstico clínico

Ingreso ou derivación e a causa

Embarazo

Falecemento

Os indicadores son:

Casos detectados en mulleres de 14 anos ou máis, por 100.000.

Número de Partes de lesións emitidos a nivel asistencial

Casos detectados en Atención Primaria

Casos detectados en Atención Especializada

Casos detectados segundo tipo de maltrato

Casos detectados segundo relación de convivencia co maltratador

Casos detectados por idade

Casos detectados segundo nacionalidade (porcentaxe)

Casos detectados segundo situación laboral

Casos detectados en mulleres embarazadas

Ao non existir ningún rexistro que nos permitira coñecer a situación da atención ás mulleres con violencia de xénero, e ao coexistir a historia clínica informatizada coa historia en formato papel, a obtención sistematizada e puntual dos datos solicitados é moi complicada xa que esixe a revisión das historias



clínicas. Estamos levando a cabo un estudo dos expedientes médicos para poder recuperar os datos que amosen os indicadores correspondentes aos anos 2009 e 2010.

A análise dos indicadores de violencia de xénero, permitirán poñer en marcha accións de formación, sensibilización, e mellora da atención das mulleres con maltrato.

Os indicadores a incluír nas enquisas de saúde do Ministerio de Sanidade, Política Social e igualdade, teranse en conta para incluílos nas enquisas de saúde que se realicen na comunidade autónoma.

No momento actual estabanse levando a cabo medidas para mellorar a prevención da violencia de xénero:

- Dado que non se realizara o plan de implantación da Guía de atención á muller maltratada, estase levando a cabo o plan, a través de actividades de información, formación e sensibilización.
- Estanse a desenvolver programas de información e formación sobre a Guía de atención á muller con violencia de xénero, dirixida a profesionais sanitarios, de directivos do sistema sanitario a través da FEGAS e á cidadanía e ás asociacións de mulleres a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.
- Estamos traballando coa universidade, para levar a cabo talleres de formación sobre a guía de atención aos alumnos dos últimos cursos das disciplinas sanitarias e non sanitarias: medicina, enfermaría, psicoloxía, traballo social.
- Vense de desenvolver un programa de atención psiquiátrica temperán para as mulleres que ingresan na casa de acollida de emerxencias de Vigo.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52601**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don José Manuel Lage Tuñas, sobre **"as responsabilidades políticas que o Goberno galego vai asumir polas irregularidades existentes nos diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (Sergas)."**, (publicada no BOPG núm. 343 do 28 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Tanto a directora de Recursos Humanos do Sergas como a conselleira de Sanidade compareceron en repetidas ocasións tanto en comisión como en Pleno para dar explicacións detalladas sobre este tema. Remitímonos ao dito nas citadas comparecencias."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52658**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Xabier López Vidal e varios/as deputados/as máis, sobre **"a unidade ou sección da Xunta de Galicia encargada de xestionar a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, a súa dependencia orgánica e funcional e o cumprimento das previsións contidas na Orde do 4 de xuño de 2010 pola que se regula"**, (publicada no BOPG núm. 342 do 27 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"Conforme ao establecido para o Estado no artigo 309 da Lei 30/2007 de contratos do sector público, a Xunta Consultiva de Contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, encargouse, nos momentos previos da entrada en vigor da norma, de coordinar a creación dunha plataforma de contratos de ámbito autonómico partindo do aplicativo de información e publicidade de procedementos contractuais existente nesas datas na Xunta de Galicia (SIPLEX).

Carecendo o órgano consultivo de servizos técnicos propios de desenvolvemento informático, o órgano que xestionaba o SIPLEX, -a Dirección Xeral de Calidade e



Avaliación das Políticas Públicas da Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza-, asumiu o desenvolvemento técnico do novo aplicativo, correspondendo á XCCA o asesoramento xurídico e normativo dos contidos que se visibilizarían na futura plataforma en atención ao disposto no artigo 2.5 do Decreto 237/2007, de 5 de decembro, da súa creación, no que se cita como competencia deste órgano consultivo a de propoñer as normas, instrucións e medidas que considera precisas para a mellora e eficacia da contratación da Administración autonómica.

Na actualidade, segundo se dispón na Disposición final 2º da Orde de 4 de xuño de 2010 pola que se regula a Plataforma de contratos públicos de Galicia, corresponde á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Presidencia da Xunta de Galicia a adopción das medidas de carácter técnico que esixa o desenvolvemento desta plataforma, sendo tamén responsable da seguridade integral física e lóxica respecto ás actuacións, datos e documentos electrónicos almacenados e de facilitar aos entes, entidades e organismos integrados o soporte técnico e a formación necesaria para o fluxo de información.

A Plataforma de Contratos Públicos de Galicia é unha aplicación informática, non una unidade administrativa susceptible de adscrición a un órgano polo que resulta imposible determinar a súa dependencia orgánica e funcional. Como xa se indicou, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, dependente orgánica e funcionalmente da Consellería de Facenda asumiu o asesoramento xurídico e normativo dos contidos da Plataforma e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia, a adopción das medidas de carácter técnico que esixa o desenvolvemento da plataforma, a seguridade integral física e lóxica respecto ás actuacións, datos e documentos electrónicos almacenados e a misión de dar as altas e baixas de perfís e de facilitar aos entes, entidades e organismos integrados o soporte técnico e a formación necesaria para o fluxo de información.

Unha das novidades introducidas pola Lei 30/2007, de contratos do sector público, vinculada estreitamente á posible utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos no ámbito contractual, son as denominadas



Plataformas de Contratación. Efectivamente, de conformidade co mandato imperativo do art. 309 da Lei, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado porá a disposición de todos os órganos de contratación do sector público unha plataforma electrónica que posibilite a publicación a través de Internet ás convocatorias de licitacións e os seus resultados e a tanta información consideren relevante relativa aos contratos que celebren, así como a prestación doutros servizos complementarios asociados ao tratamento informático deses datos. Dado que a norma permite que se creen plataformas de ámbito autonómico a Xunta Consultiva de contratación Administrativa da Comunidade Autónoma impulsou a creación dunha plataforma en Galicia que se regula no Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dela dependentes e na Orde de 4 de xuño de 2010 pola que se regula a Plataforma e contratos públicos de Galicia.

Esta Plataforma está deseñada para cumprir coas exigencias doutra das novidades que, por influencia da Directiva 2004/18/CE, incorporou a LCSP: o perfil do contratante. Así é, de acordo co art. 42 da Lei coa finalidade de dar transparencia e asegurar o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, os órganos de contratación están obrigados á difusión, a través de Internet, do seu perfil de contratante no que, en todo caso, publicárase a adjudicación dos contratos e facultativamente poderán incluírse calquera datos e informacións referentes á actividade contractual do órgano de contratación, tales como os anuncios de información previa, as licitacións abertas ou en curso e a documentación relativa ás mesmas, as contratacións programadas, os contratos adjudicados, os procedementos anulados así como calquera outra información útil de tipo xeral, como puidese ser a relativa aos puntos de contacto e medios de comunicación que poidan utilizarse para relacionarse co órgano de contratación.

Tanto os perfís dos órganos de contratación como a Plataforma de contratos públicos de Galicia (en adiante PCG) han de contar cun dispositivo que permita



acreditar de maneira fehaciente o inicio da difusión pública da información que se inclúa na mesma. Todos os perfís dados de alta na actualidade na PCG, e o sistema informático que soporta a PCG mesma, contan con tal dispositivo mediante o sistema de certificación das publicacións realizadas a través do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia. Este rexistro emite un selo de data e hora que se incorporará á plataforma e nel quedará constancia dun asento cun número, data e hora da publicación e identificación do actuante.

Respecto ao contido, funcionalidades e servizos prestados pola PCG, indicar que, nestes intres, na URL www.contratosdegalicia.es pódese dispoñer:

- dun buscador de procedementos en curso, pendentes de adxudicar ou adxudicados nos últimos 15 días.
- de información do estado dos procedementos publicados.
- atendendo ao procedemento que se utilice, ofrécese a posibilidade de que os órganos publique información básica de cada licitación (identificación do órgano, importe do contrato, pregos, composición das mesas de contratación e demais órganos encargados da valoración das ofertas, os anuncios publicados nos diarios oficiais, e lugar, data e hora límite de presentación de ofertas e dos actos públicos a desenvolver).
- de información sobre contratacións programadas e procedementos anulados ou desistidos.
- das instrucións internas de licitación de entes, organismos e entidades que non teñen o carácter de administracións públicas.

Como servizos anexos relevantes indicar que a PCG contén:



- un sistema de avisos de publicacións ao que as empresas se poden subscribir para recibir diariamente no seu correo electrónico a publicación de licitacións do seu interese ou cambios de estado dos xa publicados.
- acceso aos perfís dos órganos de contratación contidos nas respectivas webs institucionais.
- servizo de acceso aos BOPs provinciais, DOG, BOE e DOUE.
- enlace coa Plataforma de Contratación do Estado e outras plataformas autonómicas

Respecto aos órganos dados de alta na PCG, a data de 10 de decembro de 2010 atópanse os perfís de 148 órganos de contratación, 69 deles corresponden á Xunta de Galicia e o sector público dela dependente (consellerías, OOAA, empresas públicas, entidades de dereito público, axencias e fundacións).

Así mesmo, e debéndose considerar que, segundo o disposto no antedito artigo 6.2 do Decreto 3/2010 a súa alta é voluntaria, atópanse visibles na PCG os perfís de 78 órganos de contratación de entidades locais, unha universidade pública, e o Parlamento de Galicia, o Consello e contas e a Oficina do Valedor do Pobo.

Finalmente, respecto ao número de contratos visibles na PCG, indicar que ata o 1 de outubro de 2010 publicáronse na PCG 1635 contratos, sendo adxudicados ata ese momento contratos por importe total de 448.245.227,80 euros.

Con estes datos, a Xunta de Galicia entende que se está a cumprir e desenvolver de xeito adecuado a normativa reguladora na Lei 30/2007, de contratos do sector público e a da Orde de 4 de xuño de 2010 pola que se regula a Plataforma de contratos públicos de Galicia, nas previsións nelas contidas.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- nº **52886**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Xabier López Vidal e varios/as deputados máis, sobre **“a relación dos proxectos incentivados con cargo ao orzamento do Plan Impulsa-Ourense, os datos relativos aos postos de traballo creados, así como a actualización do Plan estratéxico Ourense 2010”**, (publicada no BOPG nº 342, do 27 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Os proxectos de grandes investimentos incentivados polo de agora con subvencións a fondo perdido corresponden á Mi Fibra, S.L.; Aníbal Metalmecánica; Caunier Patrimonial; Garriga e Hijos, S.L.; Landoiros, S.A; Tecnogaop Atlántico; e Farmacéutica Yebra; ademais de Amencer Reciclado S.L.U., e Compost Galicia, que poderán financiar os seus investimentos con préstamos BEI bonificados nos seus xuros. Deica fin de ano aprobarase de xeito definitivo subvencionar outros proxectos de grandes investimentos en avanzado estado de avaliación.

No referido aos postos de traballo, as bases que regulan os apoios a grandes investimentos empresariais non esixen creación de emprego para poder acceder aos apoios, pero a creación de emprego indefinido é o único que se barema, no proceso de avaliación, e o que pode supor que a porcentaxe de apoio que recibe un proxecto sexa a máis elevada.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Os proxectos de grandes investimentos apoiados en 2010 ao abeiro do Impulsa Ourense ata 15 de outubro de 2010, van suponer a creación ou consolidación de 260 postos de traballo.

Por último, en relación coa actualización do Plan estratéxico, sinalar que o mesmo está en avanzado estado de elaboración e a empresa adxudicataria dos traballos xa se reuniu cos principais axentes sociais (confederación de empresarios, Deputación Provincial, sindicatos, etc)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia.-



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52947**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ismael Rego González, sobre **"a valoración do Goberno galego do servizo realizado pola ambulancia medicalizada radicada en Foz, na Mariña luguesa, os datos e as previsións ao respecto"**, (publicada no BOPG núm. 342 do 27 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A ambulancia realiza servizos de transporte primario e secundario e realizou arredor de 300 servizos. Está pendente a valoración para decidir a súa permanencia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52951**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Fernando Xabier Blanco Álvarez dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"a situación da implantación da e-receita, ou receita electrónica, no concello de Antas de Ulla"**, (publicada no BOPG núm. 342 do 27 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A receita electrónica implantouse no concello de Antas de Ulla con e-receita impresa en papel timbrado de seguridade branco do mesmo xeito que nos últimos centros de saúde que despregaron receita electrónica, como un método de seguridade de que o profesional ten un bo coñecemento da ferramenta informática antes de pasarse a e-receita pura (sen papel).

A impresión en papel permite detectar erros na introdución da medicación e posoloxías, de xeito máis doado que na e-receita pura.

Periodicamente faise unha avaliación duns indicadores de calidade de prescrición que permiten inferir que se realiza un correcto uso do módulo de prescrición, e



unha vez que se alcanza o valor estimado óptimo para estes indicadores, pásase a realizar e-receita pura.

As receitas electrónicas impresas que se están utilizando no Centro de Saúde de Antas de Ulla teñen o mesmo período de validez que as antigas receitas vermellas e verdes, é dicir, 10 días dende a data da súa prescrición. Por tanto, non hai ningunha variación nos prazos de recollida dos medicamentos na oficina de farmacia respecto do modelo tradicional de receita.

Por outra banda, polo que respecta ás oficinas de farmacia, cando estas están conectadas para realizar dispensación electrónica e o usuario presenta unha receita electrónica impresa, o farmacéutico a dispensa no programa de receita electrónica como se dunha receita deste tipo se tratase.

O centro de saúde de dito concello ten dispoñible a historia clínica electrónica IANUS e a prescrición electrónica. Neste momento atópase nunha situación provisional de transición entre a receita electrónica impresa nun papel de seguridade branco, e a receita electrónica "pura" (sen papel). Este período responde á necesidade de asegurar o correcto funcionamento do sistema, antes de deixar de usar as receitas en papel.

Como foi dito anteriormente, conforme se comprobe que se coñece o correcto funcionamento do sistema, implantarase a e-receita pura.

A receita electrónica ten entre outras vantaxes, non ter que acudir ao médico cada vez que se necesite algunha receita dos tratamentos crónicos do paciente. Tanto na e-receita pura que ten un período de validez desde 10 días antes da data da receita ata 20 días despois, como na e-receita impresa con dez días de validez desde a data da receita, permite agrupar nunha mesma visita á farmacia a dispensación de varios medicamentos.

O paciente pode solicitar ao seu farmacéutico que lle imprima un plan de dispensación das súas receitas previstas para as datas máis próximas, para que



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

poida programar a visita á farmacia na data que máis lle conveña para recoller todas a súas receitas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52351**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"as actuacións do Goberno galego en materia de prospección, conservación e defensa do patrimonio arqueolóxico subacuático da costa galega e as previsións de clarificación das competencias neste ámbito"**, (publicada no BOPG núm. 343 do 28 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"No Consello de Patrimonio Histórico celebrado en outubro de 2007 aprobouse, co apoio favorable de todas as Comunidades Autónomas, o 'Plan Nacional de Protección del Patrimonio Arqueolóxico Subacuático' (PNPPAS) que, a nivel nacional, determina as liñas básicas de actuación entre a Administración Xeral do Estado e as Administracións Autonómicas para levar a cabo unha política eficaz de protección dos xacementos de arqueoloxía subacuática que se atopen nas augas de soberanía ou xurisdición.

A Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Cultura teñen como obxectivo común a execución e desenvolvemento do PNPPAS, aprobado co fin de



concienciar dun xeito coordinado a todos os departamentos e administracións públicas implicadas nesta protección, adoptando unha serie de medidas concretas para a salvagarda, conservación e difusión deste rico patrimonio que se atopa nas nosas augas, coa finalidade última de alcanzar o maior grao de eficacia e coordinación neste labor para evitar calquera tipo de actividade espoliadora que afecte directamente a este patrimonio.

O PNPPAS establece que as Comunidades Autónomas, como Administracións Públicas competentes en materia de protección do patrimonio histórico, adoptarán no seu ámbito competencial as medidas necesarias para desenvolver este Plan, que deberán coordinar coas tomadas polo Ministerio de Cultura.

Do mesmo xeito, o PNPPAS determina, ao establecer as súas medidas de actuación, que o Ministerio de Cultura e as Comunidades Autónomas poderán subscribir os convenios de colaboración oportunos que articulen os mecanismos de cooperación para o desenvolvemento e execución do Plan Nacional e, en definitiva, en interese da adecuada protección do Patrimonio Arqueolóxico Subacuático.

Ao abeiro do antedito, a Consellería de Cultura e Turismo -que vén desenvolvendo nos últimos anos, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, diversos traballos de prospección arqueolóxica subacuática en varias áreas do litoral galego, co fin de dispor da información necesaria sobre este patrimonio cultural e para a súa mellor protección e conservación- asinou o pasado día 3 de decembro de 2010 un Convenio de colaboración co Ministerio de Cultura para o desenvolvemento do 'Plan Nacional de Protección del Patrimonio Cultural Subacuático'. O acordo, que conta cun orzamento de 75.000 euros, dos que a Consellería de Cultura e Turismo achegará 15.000 euros e o Ministerio de Cultura un total de 60.000 euros, establece como prioridades:

- Establecer, no marco do Programa de Prospeccións Arqueolóxicas anual, procedementos para coordinar conxuntamente as actividades e colaboracións para o levantamento da Carta Arqueolóxica Subacuática.



- Colaborar no desenvolvemento do Programa de Xestión Integral de Información do Patrimonio Cultural Subacuático.

- Promover oportunidades de formación teórico práctica mutua no campo da arqueoloxía subacuática.

- Determinar conxuntamente as coordenadas específicas das zonas do litoral cun alto potencial arqueolóxico para a súa inclusión, cando proceda, e asegurando as condicións de confidencialidade e reserva, no Sistema Integral de Vixilancia do Exterior, co obxecto de establecer un sistema de vixilancia inmediato e de rápida reacción.

- Preparar conxuntamente proxectos de prospección ou escavación sobre pecios de alto valor histórico, sempre que existan razóns de protección, conservación ou investigación que así o aconsellen.

- Realizar actuacións de difusión e divulgación sobre a protección e conservación do patrimonio arqueolóxico subacuático.

De xeito máis concreto, a sinatura deste convenio permitirá continuar coa realización dos traballos de localización e rexistro do patrimonio arqueolóxico, sendo esta a tarefa máis necesaria nestes momentos para a súa protección. Así, entre as actuacións establecidas no marco do mesmo destaca a realización de prospeccións arqueolóxicas subacuáticas que permitirán continuar en 2011 a elaboración da carta arqueolóxica subacuática da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas prospeccións estarán localizadas en Rande, na Ría de Vigo, na Ría de Corcubión e na costa de Lugo. O acordo contempla ademais a realización de traballos de conservación e restauración de materiais arqueolóxicos subacuáticos.

As cláusulas establecidas no devandito convenio de colaboración en ningún caso supoñen unha alteración do réxime de competencias establecido na Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, ratificado pola Sentenza 17/1991 do



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Tribunal Constitucional. Polo tanto, a aplicación do mesmo respecta a mencionada repartición competencial, e implica o seu desenvolvemento dentro do principio de lealdade e colaboración institucional que debe presidir calquera actuación administrativa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52971**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Fernando Xabier Blanco Álvarez e don Henrique Viétez Alonso, sobre **"a situación na que quedan as persoas traballadoras afectadas pola fusión das caixas de aforro galegas"**, (publicada no BOPG núm.342 do 27 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"Segundo o Plan de Negocio elaborado para a viabilidade do proxecto económico común das súas caixas galegas, as entidades están levando a cabo as medidas previstas nel, entre elas a readaptación da capacidade comercial, excesivamente incrementada nos últimos anos, como xeito xerador de eficiencias e sinerxias.

Cómpre recordar que as dúas caixas galegas, ó igual que a maioría do sistema financeiro español incrementou de xeito importante a súa rede comercial. A forte caída do mercado inmobiliario e da economía en xeral fai que resulte imprescindible a readaptación desta capacidade comercial. Deste xeito, no Plan de Negocio prevese o peche de oficinas e a redución, mediante sistemas non traumáticos, de parte do emprego xerado.

Este Plan de Negocio aportouse xunto co proxecto de fusión a ese Parlamento de Galicia, ó efectos de que se pronunciara, tal como prevé a actual lei de caixas de aforros.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Igualmente, e logo do pronunciamento do Parlamento, do Banco de España e da Comisión Nacional da Competencia, fixoo a Xunta de Galicia, autorizando a operación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

η



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52980**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“o cumprimento dos requisitos establecidos na Orde do 1 de marzo de 2007 para a homologación das actividades de formación do profesorado polas VI Xornadas de convivencia escolar organizadas pola Asociación Nacional de Profesionais da Ensinanza (ANPE) os días 22 e 23 de outubro de 2010 en Ourense”**, (publicada no BOPG núm. 342 do 27 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“As VI Xornadas de Convivencia Escolar constitúen unha actividade para a que a entidade organizadora solicitou mediante escrito de 26 de xullo de 2010 a súa homologación previa e condicional ao abeiro da Orde do 1 de marzo de 2007 pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado.

Esta actividade, que conta cun historial de homologacións polo menos desde 2006, someteuse á comisión ordinaria de recoñecemento de formación celebrada



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

o día 23 de setembro de 2010. Tendo en conta o deseño presentado da actividade e o interese da proposta, a comisión, da que forman parte cada un dos sindicatos da Mesa Sectorial Docente, procedeu a acordar a homologación previa e condicionada da actividade sen que se fixeran constar oposición algunha por ningún dos membros.

No deseño previo da actividade non aparecían reflectidas posibles accións paralelas como as que se mencionan na pregunta.

Os efectos das resolución de homologación provisoria implican desenvolver a actividade programada segundo o deseño presentado e presentar un informe final da actividade.

Unha vez presentada pola entidade a solicitude de homologación definitiva da actividade e á vista da proposta formulada pola Comisión de Recoñecemento de Formación na reunión de 18 de xaneiro de 2011, resolveuse desestimar a homologación definitiva da actividade por detectarse desaxustes entre o deseño previo da actividade e a súa execución.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Robert Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53124**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"a evolución das listas de espera no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS)"**, (publicada no BOPG núm. 347 do 4 de novembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O CHUS é un centro de excelencia. A espera media a 31/12/10 era de 73,2 días en cirurxía e 63,5 para primeira consulta, inferior en 8 e 18 días respectivamente. En relación ao respecto a 31/12/2009. No Complexo Hospitalario Unversitario de Santiago realizáronse durante o ano 2010 14.074 intervencións en xornada ordinaria (10,2% máis que no ano anterior). O rendemento cirúrxico acadou o 77,6%. Realizáronse 550.313 consultas, incrementado nun 65% as realizadas no ano anterior. O tempo de espera media para pacientes en prioridade I é de 22 días, e para os de prioridade II de 51 días, polo que se cumpriu o obxectivo establecido ."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53136**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“a discriminación que padece a poboación do Morrazo na súa asistencia sanitaria e as medidas que se van adoptar para evitala”**, (publicada no BOPG núm. 347 do 4 de novembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información solicitada, está recollida na web do Sergas, ao igual que dos hospitais do sistema sanitario público de Galicia.

O Hospital Povisa é un centro asistencial de titularidade privada, situado na cidade de Vigo, e debidamente acreditado, como esixe a normativa vixente, para a concertación da prestación da asistencia sanitaria.

A súa vinculación coa asistencia sanitaria pública está maioritariamente regulado por concertos sucesivos iniciados o 24 de marzo de 1993. O actual concerto entre o Servizo Galego de Saúde, e Povisa foi asinado en data 29 de decembro



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

do ano 2000. Neste concerto estableceuse os criterios da actividade asistencial e os obxectivos de calidade asistencial.

Estamos a traballar nas bases que rexerán o novo concerto co Hospital Povisa. Un dos principais criterios neste novo concerto, é a libre elección de centro para a poboación que neste momento ten como referencia o hospital.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53174**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Rosendo Luis Fernández Fernández e varios/as deputados/as máis, sobre **"a repercusión na licitación do Centro de Saúde do Couto da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Ourense, no procedemento expropiatorio dos terreos onde se ía construír"**, (publicada no BOPG núm. 347 do 4 de novembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Como consecuencia da sentenza no foi posible incluír a construción do centro de saúde do Couto na licitación programada, como inicialmente estaba previsto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53211**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e varios/as deputados/as máis, sobre **“os plans da Consellería de Sanidade para a área sanitaria de Vigo, nomeadamente para o concerto existente entre o Sergas e o Hospital Povisa, e a prestación de atención médica ás persoas usuarias atendidas nel con posterioridade ao seu remate”**, (publicada no BOPG núm. 347 do 4 de novembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade sempre contou coa actividade do hospital POVISA na súa planificación asistencial presente e futura. Tanto nos plans funcionais de área, coma en todas as actuacións e manifestacións públicas incluíuse a participación da actividade asistencial deste, cunha perspectiva a longo prazo, conforme ao acordo asinado no ano 2006 de manter ese centro como hospital xeral.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O concerto vixente capacita a administración para adoptar as resolucións que permitan prorrogar o concerto por interese público ata a formalización do novo, de ser necesario.

Este feito, así como a vontade explícita de exercitar esta capacidade, que o contrato vixente e as leis de contratación outorgan ás administración públicas, foi comunicado oficialmente á empresa para eliminar calquera dúbida xerada ao respecto, o que elimina calquera fundamento legal para a execución dun ERE por iniciativa unilateral da empresa, e garante a continuidade da prestación asistencial aos cidadáns atendidos polo centro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 53337**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce e varios/as deputados/as máis, sobre **"as xestións, fases, trámites, proxectos ou procedementos derivados da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que o Goberno galego considera que é necesario privatizar"**, (publicada no BOPG núm. 352 do 11 de novembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 388 do 13 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

" Respecto de que xestións derivadas da Lei de Dependencia considera o Goberno Galego que é necesario privatizar, dicir que en canto ao procedemento de valoración e recoñecemento da situación de dependencia, inicialmente ningunha, é dicir non se ten encomendado, nin se vai encomendar a ningunha empresa privada fases ou trámites que legalmente lle correspondan como propias á Administración autonómica."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **53355**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre “a **ampliación da rede Quérote +**”, (publicada no BOPG nº 352, do 11 de novembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“Os lugares seleccionados para a ampliación son as vilas de Noia, Ponteceso, Curtis, Betanzos, Carballo, Lalín, Vilagarcía, Tui e Viveiro.

O criterio que moveu a elixir estas vilas foi o da existencia nestas localidades de centros comarcais de Xuventude dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Este recurso para a mocidade está operativo dende o mes de novembro de 2010.

Non se ten previsto contratar a máis persoal.

O servizo Quérote + conta cun orzamento para 2011 de 500.000 euros procedentes da partida 442.0 da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 54718**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e varios/as deputados máis, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da dotación e posta en marcha dos servizos de radioterapia, hemodinámica e medicina nuclear no novo Hospital Lucus Augusti da cidade de Lugo e a licitación da infraestrutura necesaria"**, (publicada no BOPG núm. 366 do 1 de decembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Hospital Lucus Augusti contará cos servizos de radioterapia, hemodinámica e medicina nuclear. O espazo físico está dispoñible e o mobiliario adquirido. Do equipamento necesario algúns equipos están licitados e outros en proceso de licitación.

Cando todo o equipamento estea ubicado e calibrado será necesario obter a correspondente autorización por parte do Centro Nacional de Seguridade Nuclear.

Estes Servizos contarán co persoal especializado necesario.

Os pacientes que precisen de servizos de especialidades non dispoñibles no Hospital Lucus Augusti enviaranse aos centro de referencia correspondentes."



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 54790**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Fernando Xabier Blanco Álvarez, sobre **"a opinión da Consellería de Facenda respecto da venda das participacións das caixas de aforros de Galicia na empresa galega R"**, (publicada no BOPG núm. 366 do 1 de decembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta pregunta xa foi facilitada pola Conselleira de Facenda no Pleno do Parlamento de Galicia do día 13 de decembro do 2010 ao dar resposta á interpelación nº 54787. Remitímonos ao alí exposto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **54925**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Tomé Roca e varios/as deputados/as máis, sobre **“os datos relativos á concesión e denegación de obradoiros de emprego aos concellos da provincia de Ourense durante o ano 2010”**, (publicada no BOPG nº 366, do 1 de decembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“Os concellos da provincia de Ourense que solicitaron obradoiros de emprego no ano 2010 foron os seguintes: Pobra de Trives, Oímbra, Xunqueira de Espadañedo, Avión, Riós, Montederramo, A Bola, Beade, Ribadavia (Mancomunidade Intermunicipal do Ribeiro), Muíños, Padrenda, A Merca (Consortio Río Arnoia), Pereiro de Aguiar, Trasmiras, Lobeira, Vilardevós, Gomesende, O Bolo, Allariz, Ourense (Mancomunidade Concellos de Ourense), Castrelo de Miño, Sandiás, Vilar de Santos, Vilamartín de Valdeorras, Os Blancos, Porqueira, A Mezquita, Piñor, Viana do Bolo, Ourense, Cortegada, Vilariño de Conso, Vilamarín, Boborás, Laza, Baños de Molgas, A Gudiña, A Veiga, Coles (Mancomunidade Intermunicipal Santa Águeda), Beariz, Celanova (Mancomunidade Intermunicipal de Celanova) e Verín.

Os criterios que se tiveron en conta para a concesión das subvencións para a posta en funcionamento dos obradoiros de emprego foron os establecidos no artigo 35º da Orde do 18 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

obradoiro e casas de oficio, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (*DOGA núm. 58, do 26-03-2010*).

Na aplicación destes resultaron beneficiarios das axudas os concellos de: Trasmiras, Ribadavia (Mancomunidade Intermunicipal do Ribeiro), Riós, Pereiro de Aguiar, Allariz, Xunqueira de Espadañedo, Boborás, A Gudiña, Lobeira, Beariz, Vilamartín de Valdeorras, GomeSENDe, A Merca (Consortio Río Arnoia), Padrenda, Verín, Ourense (Mancomunidade Concellos de Ourense), Celanova (Mancomunidade Intermunicipal de Celanova), O Bolo, Sandiás, Pobra de Trives, Viana do Bolo e Baños de Molgas que obtiveron unha calificación entre os 60 e os 53 puntos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **54926**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Tomé Roca e varios/as deputados/as máis, sobre **“os datos relativos á concesión e denegación de obradoiros de emprego aos concellos da provincia de Ourense durante o ano 2010”**, (publicada no BOPG nº 366, do 1 de decembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“Os concellos da provincia de Ourense que solicitaron obradoiros de emprego no ano 2010 foron os seguintes: Pobra de Trives, Oímbra, Xunqueira de Espadañedo, Avión, Riós, Montederramo, A Bola, Beade, Ribadavia (Mancomunidade Intermunicipal do Ribeiro), Muíños, Padrenda, A Merca (Consortio Río Arnoia), Pereiro de Aguiar, Trasmiras, Lobeira, Vilardevós, Gomesende, O Bolo, Allariz, Ourense (Mancomunidade Concellos de Ourense), Castrelo de Miño, Sandiás, Vilar de Santos, Vilamartín de Valdeorras, Os Blancos, Porqueira, A Mezquita, Piñor, Viana do Bolo, Ourense, Cortegada, Vilariño de Conso, Vilamarín, Boborás, Laza, Baños de Molgas, A Gudiña, A Veiga, Coles (Mancomunidade Intermunicipal Santa Águeda), Beariz, Celanova (Mancomunidade Intermunicipal de Celanova) e Verín.

Os criterios que se tiveron en conta para a concesión das subvencións para a posta en funcionamento dos obradoiros de emprego foron os establecidos no artigo 35º da Orde do 18 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


obradoiro e casas de oficio, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOGA núm. 58, do 26-03-2010).

Na aplicación destes resultaron beneficiarios das axudas os concellos de: Trasmiras, Ribadavia (Mancomunidade Intermunicipal do Ribeiro), Ríós, Pereiro de Aguiar, Allariz, Xunqueira de Espadañedo, Boborás, A Gudiña, Lobeira, Beariz, Vilamartín de Valdeorras, Gomesende, A Merca (Consortio Río Arnoia), Padrenda, Verín, Ourense (Mancomunidade Concellos de Ourense), Celanova (Mancomunidade Intermunicipal de Celanova), O Bolo, Sandiás, Pobra de Trives, Viana do Bolo e Baños de Molgas que obtiveron unha calificación entre os 60 e os 53 puntos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 55298**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce e varios/as deputados/a máis, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo persoal da Consellería de Traballo e Benestar en relación coas persoas de idade avanzada cuidadoras de persoas dependentes”**, (publicada no BOPG núm. 370 do 9 de decembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“ O artigo 18.4 da LAPAD, establece que *o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia promoverá accións de apoio aos cuidadores non profesionais que incorporarán programas de formación, información e medidas para atender os períodos de descanso.*

Asemade o artigo 36 establece que se atenderá á formación básica e permanente dos cuidadores que atendan ás persoas en situación de dependencia (artigo 36.1), promovendo os poderes públicos os programas e as accións formativas que sexan necesarios (artigo 36.2).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


O 22 de setembro de 2009 aprobouse o acordo do Consello Territorial do SAAD sobre criterios comúns de acreditación en materia de formación e información de coidadores non profesionais, publicado mediante a resolución do 4 de novembro da Secretaría Xeral de Política Social e Consumo, que establece no seu punto cuarto que os programas estruturaránse nunha formación inicial que se realizará, prioritariamente, no primeiro ano a partir da resolución pola que se concede á prestación económica para coidados no contorno familiar, e unha formación específica que se desenvolverá en función das necesidades da persoa coidadora e da persoa en situación de dependencia. Asemade, realizarase unha formación de apoio e reforzo á persoa coidadora.

Pois ben, isto é o que se ten feito dende este departamento, e é o que se seguirá a facer co obxectivo de proporcionar **un apoio integral aos coidadores non profesionais e a mellora da calidade da atención ás persoas en situación de dependencia.**”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **55405**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Marta Rodríguez Arias e varios/as deputados/as máis, sobre **“o proceso levado a cabo pola Consellería de Traballo e Benestar para a construción dun novo centro de menores con trastornos de conduta, a data prevista para a súa posta en funcionamento e o seu número de prazas”**, (publicada no BOPG nº 374, do 15 de decembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Traballo e Benestar vén traballando, desde finais do 2009, na preparación do procedemento de licitación pública para a contratación dun centro especializado en menores con trastornos de conduta.

As condicións nas que se viña prestando o servizo no centro de menores Chavea non eran as máis axeitadas para a atención aos usuarios aos que está dirixida.

Así por exemplo, o informe extraordinario do Valedor do Pobo do ano 2007 puña de manifesto o mal estado das instalacións, a falta de espazo, o escaso número de prazas e a escasa retribución á entidade xestora (naquel momento, 73 € por praza ocupada e día), coa que non se podía garantir un servizo de calidade.



Pola súa banda, o informe do Defensor del Pueblo de 2009 xa recollía a intención, manifestada pola entón Secretaría Xeral do Benestar, de pechar o centro Chavea e xestionar a atención a estes menores a través de novos contratos con entidades especializadas.

É de destacar sen embargo que ningún dos informes citados valoraba negativamente a intervención educativa ou terapéutica que se viña realizando no centro.

É mais, a atención prestada pola entidade ven sendo moi ben valorada polos técnicos de menores, que aprecian os esforzos e os resultados conseguidos con nenos que noutros recursos non teñen unha evolución positiva.

Neste sentido, debemos sinalar que a raíz dunha visita realizada ao centro por asesoras do Defensor del Pueblo en abril de 2010, a citada institución dirixiuse a esta Consellería dando conta das impresións recibidas por ditas asesoras, mediante un escrito no que manifesta o seguinte:

'En el curso de la visita se pudo comprobar que (...) la fundación Lar-Prosaúde Mental, gestora actual del centro Chavea, presta una atención especializada de calidad, a pesar de los precarios medios materiales de que dispone. Además la citada fundación cuenta con un equipo de educadores experimentado, bien formado y estable, y los resultados del proyecto que viene impartiendo, desde diciembre de 2002, parece que han sido satisfactorios para los menores.' Continúa manifestando a súa preocupación polo feito de que a adxudicación dun novo contrato puidese supoñer un paso atrás na atención aos menores.

Así pois, foron razóns estruturais (instalacións, espazo e número de prazas), e non educativas, as que levaron a esta Secretaría a decidir non prorrogar o contrato vixente coa entidade xestora de Chavea e preparar a licitación dun novo, que incluíría a posta a disposición do servizo dunhas instalacións axeitadas.



Tendo en conta as especiais características dos usuarios aos que se dirixe o servizo (menores con trastornos psicolóxicos ou psiquiátricos), tratouse de perfilar un prego de prescricións técnicas que garantise a axeitada atención por parte da entidade que resultase adxudicataria.

Para este fin, leváronse a cabo entrevistas con entidades e profesionais especialistas en atención a menores destas características, tivéronse en conta as recomendacións recollidas no protocolo para centros de menores con problemas de conduta, aprobado pola Comisión interautonómica de directores de infancia en abril de 2010, e incluso se mantivo unha longa e frutífera entrevista con asesoras da oficina do Defensor del Pueblo que coñecían de primeira man as instalacións e o traballo que se realizaba en Chavea.

Froito do traballo preparatorio, que se alongou durante meses, púidose por fin aprobar un prego de contratación que entendemos respondía ás necesidades dos usuarios. É de destacar tamén o esforzo orzamentario realizado, grazas ao que se puido ofrecer un orzamento base de licitación de 136 € por praza ocupada (fronte aos 73 que se pagaban no 2007 e os 102 que se están pagando actualmente a Chavea) e comprometer unha duración do contrato de sete anos, o que sen dúbida repercutirá moi positivamente na estabilidade, formación e motivación do persoal e garantirá a vinculación dos menores residentes a unha figura de referencia estable.

A Secretaría Xeral de Familia e Benestar promoveu en 2010 a contratación, mediante licitación pública, da xestión de servizo público consistente na atención residencial a menores con trastornos de conduta.

O anuncio de licitación publicouse o 23-08-2010. As características básicas da licitación eran:

- a entidade licitadora debía poñer a disposición unha instalación axeitada para a prestación do servizo



- número prazas: a entidade licitadora podía ofertar entre 15 e 20 prazas. Non influía na valoración o nº de prazas ofertado
- prezo unitario de licitación (por praza ocupada e día): 136 €
- localidade: ao ser un recurso único para toda Galicia podía establecerse en calquera localidade, se ben se valoraba a boa conexión coas principais cidades galegas e a proximidade a redes de comunicación por estrada
- prazo: 7 anos, prorrogable por outros tres mais


Con data 3 de novembro adxudicouse o contrato á entidade Lar-Prosaúde Mental (a xestora da actual Chavea). O recurso ofertado conta coas seguintes características:

- número prazas: 15
- prezo adxudicación: 122 € por praza ocupada/día
- localidade: Vilagarcía de Arousa."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 55477**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Fernando Xabier Blanco Álvarez, sobre **"a adaptación do proxecto gañador para a creación do Museo da Romanización de Galicia no Cuartel de San Fernando, na cidade de Lugo, á lexislación vixente para os Bens de Interese Cultural, así como ás condicións establecidas no concurso de ideas para a redacción do proxecto definitivo, e o cronograma de construción"**, (publicada no BOPG núm. 374 do 15 de decembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Cultura e Turismo vén de desenvolver, nos últimos dous anos, importantes iniciativas na cidade de Lugo de cara á protección e posta en valor da súa inxente riqueza patrimonial, entre as que destacan especialmente as intervencións de limpeza e conservación realizadas na Muralla e a súa contorna e o impulso dado á rehabilitación do Cuartel de San Fernando como Centro de Interpretación e Museo do Mundo Romano.

Esta infraestrutura, destinada a contribuír a un máis completo e profundo coñecemento e divulgación do noso patrimonio propio, encádrase no programa



da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico, xunto co Centro de Interpretación da Arte Rupestre en Campo Lameiro, o da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las e o do Megalitismo, na Costa da Morte.

O firme compromiso amosado pola Xunta de Galicia coa cidade de Lugo durante este período iniciado en 2009 manterase no exercicio orzamentario do ano 2011, a pesar do contexto actual de contención do gasto, adicando a Consellería de Cultura e Turismo, a través da súa Dirección Xeral para o Patrimonio Cultural, 1,2 millóns de euros de investimento só en actuacións en bens culturais nesta cidade.

O pasado día 15 de xuño de 2010 a Consellería de Cultura e Turismo anunciou o anteproxecto gañador do concurso internacional de ideas para a realización do proxecto básico e de execución para a rehabilitación do monumento do Cuartel de San Fernando como Centro de Interpretación e Museo do Mundo Romano. A proposta gañadora do concurso foi seleccionada por un equipo internacional de especialistas na materia e profesionais de recoñecido prestixio, e están contrastadas por técnicos e expertos na materia, baseándose nas premisas fundamentais de protección do Patrimonio Cultural e do cumprimento coas esixencias de respecto ás características esenciais do propio Cuartel de San Fernando e da contorna urbana que o rodea, especialmente da Muralla de Lugo.

Polo tanto, o xurado tivo moi en conta a excepcional importancia e características do Cuartel de San Fernando -no que se emprazará este Museo da Romanización-, edificio do século XVIII declarado Ben de Interese Cultural e que posúe unha extraordinaria importancia dentro da arquitectura neoclásica civil de Galicia pola súa sinxeleza, a súa funcionalidade e a súa singularidade arquitectónica.

Nesta mesma liña, e co obxectivo de garantir a máxima protección do Cuartel de San Fernando en todo o proceso, o fallo do concurso estableceu a posibilidade de que o proxecto a desenvolver poida ser modificado para asegurar o cumprimento da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, en caso de que se detectase algunha



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


actuación que afecte á integridade deste ben declarado de interese cultural.

Logo da realización do devandito concurso internacional de ideas para a selección dun anteproxecto que permite ao gañador a realización do proxecto básico e de execución, a previsión inicial é a de desenvolver durante o presente ano a redacción do devandito proxecto, cunha estimación de inversión de 215.000 euros."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **55493**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Henrique Viéitez Alonso, sobre **“os datos relativos ás solicitudes de axudas e subvencións presentadas polos concellos para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento, así como a ampliación dos créditos para esta finalidade”**, (publicada no BOPG nº 374, do 15 de decembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-December de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“Os criterios reais utilizados para a concesión de subvencións no programas de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento son os recollidos no artigo 35 da Orde do 18 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **5548**, formulada polo ~~Grupo~~ ⁵⁸²⁹³ Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas e don Modesto Pose Mesura, sobre **"o salario anual da xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago correspondente ao ano 2010"**, (publicada no BOPG núm. 374 do 15 de decembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O salario do Xerente do CHUS é o que está recollido na orde de confección de nóminas que se publicou no DOGA nº 12 do 20 de xaneiro de 2010."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23455**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a exclusión da lingua galega nas campañas publicitarias de Galicia Calidade no noso propio país”**, (publicada no BOPG núm. 326 do 4 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Ao contido das cuestións desta iniciativa parlamentaria, deuse resposta en tempo e forma, a través da contestación feita á iniciativa con número de rexistro 23454 (publicada no BOPG 231 do 14/05/2010). No respostado na mesma fíxose unha exposición de xeito pormenorizado sobre a situación existente ao respecto, remitíndonos ao expresado debido a claridade e a extensión de contido da mesma.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 5ª- nº **43036**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Rosendo Luis Fernández Fernández e varios/as deputados/as máis, sobre **“a valoración pola Consellería de Sanidade respecto da xestión da contratación centralizada que desenvolveu o bipartito no ano 2007”**, (publicada no BOPG nº 304, do 2 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2010 (BOPG nº 391, do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nesta Comunidade Autónoma nunca se fixo un esforzo por utilizar a compra centralizada que permite mellorar os prezos pola economía de escala. Neste momento temos en marcha varios proxectos de compra centralizada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43682**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Rosendo Luis Fernández Fernández e varios/as deputados/as máis, sobre **"o Plan de eficiencia enerxética na rede de centros sanitarios públicos"**, (publicada no BOPG núm. 304 do 2 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O obxectivo que contempla acadar a Consellería de Sanidade con esta iniciativa é unha xestión máis eficiente dos recursos, optimizando o consumo enerxético nos centros sanitarios."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 51927**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e don Alfredo Suárez Canal, sobre **“a resposta remitida pola Xunta de Galicia a unha pregunta relativa ás declaracións do director xeral da Función Pública realizadas nunha comisión parlamentaria”**, (publicada no BOPG núm.335 do 18 de outubro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A aseveración que se atribúe ao director xeral non figura entrecomiñada, poñendo de manifesto que non se trata dun cita literal.

O que o director xeral manifestou na comparecencia que a petición propia realizou ante a comisión parlamentaria o pasado día 9 de abril foi que o tribunal da quenda de promoción interna se constituíra o 14 de decembro de 2009 e que ante as dúbidas que lle xurdiron aos membros, fixeron as correspondentes consultas na Dirección Xeral da Función Pública; onde non se considerou que se incorrese en causa de abstención de acordo coa interpretación que dese apartado da Lei 30/1992 ven realizando a xurisprudencia.

Non se estaba pois ante unha situación ilegal nin a imparcialidade do tribunal viuse afectada en ningún momento, pero as informacións publicadas xeraron dúbidas na sociedade.

Analizada a situación viuse que “sendo legal non é desexable” e se adoptaron as medidas precisas para corrixila.

Reiterase por tanto, que a aseveración que se lle atribúe ao director xeral non e unha cita literal.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

A Conselleira de Facenda non coñecía dato de que se estaba a producir unha situación non desexable nos tribunais de selección ata que se lle comunicou olo director xeral da función Pública.

A Conselleira comparte esta mesma valoración de que a situación era non desexable e de aí as medidas adoptadas polo Consello da Xunta o pasado 8 de abril para a mellora dos procesos selectivos.

Por suposto que non é práctica habitual no Goberno o convivir con situacións non desexables e non actuar ata que non se coñecen nos medios de comunicación. O coñecemento de situacións non desexables leva, como sucedeu neste caso, a adopción de medidas para a súa corrección .O que é practica habitual é adoptar medidas para corrixir esas situacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
31 XAN. 2011
Núm. 58290

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
31 XAN. 2011
SAÍDA
Núm.6645

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53380**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Modesto Pose Mesura e varios/as deputados/as máis, sobre **"a relación dos centros de saúde que se ían construír no ano 2010, os que se van construír no ano 2011 e o seu mecanismo de financiamento, a variación do seu custo e o cumprimento do procedemento establecido para o desenvolvemento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público-privado"**, (publicada no BOPG núm. 352 do 11 de novembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información sobre a construción dos centros de saúde foi proporcionada pola conselleira de Sanidade na súa intervención na sesión plenaria do 9/11/2010, ao dar resposta á interpelación 33826. Remitímonos ao alí exposto."


O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2010 11:44
Nº Rexistro: 56335
Data envío: 20/12/2010 11:44:36.113

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Bieito Lobeira Domínguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O 16 de decembro de 2010 a Consellería de Educación presentou neste Parlamento o Plan galego para a potenciación das linguas estranxeiras. Dito Plan contempla fundamentalmente a promoción do inglés para algúns centros de ensino determinados. Desde este grupo Parlamentar consideramos que isto non afonda no espírito da Resolución do Parlamento Europeo: “Sobre o multilingüismo: unha vantaxe para Europa e un compromiso compartido”, xa que esquece a grande fortaleza que existe en Galiza a través da súa lingua propia para adquirir a competencia plena en portugués. Lingua cunha grande riqueza de falantes e emerxente na vangarda cultural e económica do planeta.

Ao mesmo tempo, todas as centrais sindicais que representan ao profesorado galego demandan do Goberno unha implicación clara e decidida na potenciación da aprendizaxe do portugués. Cómpre lembrar que o alumnado que realiza estudos de portugués é dez veces inferior que en Estremadura o que implica un grao importante de desleixo por parte das autoridades educativas galegas á hora de incentivar que se curse esta materia.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2010 11:44
Nº Rexistro: 56335
Data envío: 20/12/2010 11:44:36.113

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a ofertar o portugués como segunda lingua estranxeira en todos os centros públicos que impartan secundaria e que para tal fin se dotara do profesorado necesario."

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2010.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 20/12/2010 11:42:59

Bieito Lobeira Domínguez na data 20/12/2010 11:43:05



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727